



**PLAN DE ACCIÓN INTEGRAL
PARA AS PERSOAS CON
DISCAPACIDADE**

Galicia, 2010-2013

INFORME DE SEGUIMIENTO 2010



ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN	3
2	POSTA EN MARCHA DO PROCESO DE SEGUIMENTO DO PLAN	6
3	PROGRAMACIÓN DE ACTUACIÓN 2010 POR ÁREA.....	12
4	RESULTADOS 2010	14
4.1	Área 1 Protección dos Dereitos.....	16
4.2	Área 2 Igualdade de Xénero e Transversalidade.....	20
4.3	Área 3 Accesibilidade.	25
4.4	Área 4 Promoción da Autonomía Persoal.....	32
4.5	Área 5 Educación.....	39
4.6	Área 6 Formación e Emprego.....	47
4.7	Área 7 Recursos no Ámbito dos Servizos Sociais.	59
4.8	Área 8 Saúde e Atención Sociosanitaria.....	66
4.9	Área 9 Atención Temperá.	69
4.10	Área 10 Cultura, Deporte e Tempo de Lecer.....	71
4.11	Resume: grao de execución por área.....	78
5	OUTRA INFORMACIÓN DE INTERESE	81
	ANEXOS	83
	ANEXO 1. Relación de persoas de contacto por departamento /organismo responsable.....	84
	ANEXO 2. Datas de recepción de formularios de seguimento 2010, segundo departamento/organismo responsable.....	87
	ANEXO 3. Resume da execución de actuacións 2010, segundo departamento/organismo responsable.....	90
	ANEXO 4. Modificacións realizadas sobre a versión orixinal do documento do Plan de Discapacidade.	108

1 INTRODUCCIÓN

As estratexias de seguimento e de avaliación de plans de acción xogan un papel cada vez máis relevante no deseño e planificación de políticas sociais, como instrumentos que reforzan o seu desenvolvemento e facilitan a toma de decisións. A súa previsión e definición convértese nunha tarefa primordial en todo proceso de elaboración de plans de intervención no ámbito social. Neste sentido, o Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia 2010-2013 prevé un sistema de seguimento e de avaliación que se describe resumidamente no capítulo IV do documento que fai público o citado Plan.

Este Plan constitúe o novo marco de actuación do goberno galego baseado nos dereitos humanos e coa colaboración dos principais axentes involucrados, coa fin de que as galegas e galegos con discapacidade gocen dunha cidadanía plena e participen activamente na vida comunitaria.

A principal característica deste Plan é o seu carácter transversal e integral de forma que participan no seu desenvolvemento, en maior ou menor medida, todas as consellerías da Xunta de Galicia e secretarías xerais da Presidencia, ademais de ter participado no proceso de elaboración xunto co movemento asociativo a través de grupos de traballo especificamente creados para tal fin.

Esta peculiaridade do Plan galego de discapacidade fai aínda máis necesaria unha especial dedicación aos traballos de seguimento e de avaliación. O elevado número de organismos implicados e as tamén numerosas actuacións do Plan (un total de 301) son elementos que xustifican sobradamente a necesidade dunha metodoloxía que permita unha recollida rigorosa e coordinada da información relativa á execución do Plan, cara a realizar un seguimento de xeito continuado e permanente durante todo o seu período de vixencia.

A Consellería de Traballo e Benestar, a través da Dirección Xeral de Dependencia e Autonomía Persoal, asume estas tarefas e responsabilízase das funcións de impulso, seguimento e avaliación en colaboración co resto de departamentos responsables en cada unha das áreas de actuación e co apoio dunha asistencia técnica especializada.

Como parte do procedemento de seguimento e de avaliación contéplase a elaboración de informes de seguimento anuais. O informe anual elaborárase unha vez finalizado a anualidade correspondente a partir da información facilitada polos departamentos implicados en cada unha das actuacións que integran o Plan no exercicio de referencia.

O presente documento correspóndese co **informe de seguimento 2010**. Nas seguintes páxinas, polo tanto, preséntanse os datos relativos ás actuacións executadas durante o exercicio 2010 no

marco do Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia 2010-2013, tomando como referencia os indicadores de realización definidos para cada actuación.

Cómpre realizar unha **importante observación** que permitirá entender o menor nivel de execución nalgunha das áreas de intervención, así como a demora na elaboración e presentación deste informe.

O Plan galego de discapacidade, aínda que ten vixencia 2010-2013, elevouse ao Consello do Goberno da Xunta de Galicia o 10 de decembro de 2010, por razóns moi diversas que non procede explicar neste espazo. Esta demora na súa aprobación e presentación pública implicou, por un lado, a non execución dalgunhas das actuacións programadas para esa anualidade e, por outro lado, a demora da posta en marcha do proceso de seguimento, sobre todo no que respecta á constitución do grupo coordinador de seguimento e de avaliación do Plan, clave en todo este proceso, e ao inicio da recollida de información.

O informe presenta unha estrutura en capítulos (un total de cinco) segundo se describe a continuación. Nun primeiro apartado descríbense os traballos realizados como parte do proceso de seguimento propiamente dito nos termos en que se recolle no Plan de discapacidade (creación do grupo coordinador de seguimento e de avaliación, deseño de instrumentos de recollida de información etc). Ditos traballos, malia que se levaron a cabo unha vez iniciado 2011 (polas razóns antes sinaladas), inclúense como parte do contido deste informe de seguimento 2010 pola súa condición de primeiro informe do Plan de acción para as persoas con discapacidade de Galicia, pero tamén, e sobre todo, porque implica un intenso traballo que esixiu un importante esforzo engadido por parte do departamento impulsor do Plan.

A modo de introdución ao capítulo pilar deste informe, o de resultados 2010, preséntase un resume estatístico das actuacións do Plan por áreas e a programación para 2010 (capítulo 3).

No capítulo 4 dáse conta do alcance de execución do Plan así como dos resultados acadados a partir dos indicadores de realización definidos para cada actuación. A información relativa a este apartado distribúese en subapartados, tantos como áreas de intervención integran o Plan de acción, seguindo a mesma estrutura e orde deste, co obxectivo de facilitar a súa lectura e comprensión habida conta do coñecemento que se ten da propia estrutura do Plan, publicado e difundido. O contido de cada área adáptase ás actuacións que a integran e os distintos organismos responsables informan dos resultados a través dos indicadores de realización deseñados no Plan e recollidos nos formularios especificamente elaborados para o proceso de seguimento.

En consecuencia, este capítulo 4, que constitúe a esencia dos resultados do labor de seguimento 2010, estrutúrase en tantas partes como áreas de intervención posúe o Plan e, ademais, engádese unha última na que se plasma, a modo de resume, o grao de execución por área de intervención, permitindo realizar unha análise comparativa entre áreas.



Nun último capítulo, “Outra información de interese”, descríbese resumidamente información de diversa natureza relacionada non só co desenvolvemento do Plan, senón tamén coa difusión deste, como parte importante da tarefa de información que o Goberno da Xunta de Galicia ha de asumir en todas as políticas que se implementen.

Importantes son tamén os anexos que acompañan o informe e que complementan o seu contido, ofrecendo unha información de grande interese, sobre todo, en relación á resposta/actividade de cada departamento administrativo implicado.

2 POSTA EN MARCHA DO PROCESO DE SEGUIMENTO DO PLAN

En resposta ás directrices que marca o Plan no apartado relativo ao seguimento e avaliación (capítulo IV), desenvolvéronse numerosas accións, que contribuíron a sentar as bases do procedemento para levar a cabo o seguimento do Plan durante todo o seu período de vixencia.

Como se sinalou na introdución, estas accións, malia que se realizaron unha vez iniciado 2011, inclúense no informe de seguimento 2010 polo seu carácter de preparación e de organización da posta en marcha do proceso de seguimento. Tiveron que realizarse durante os primeiros meses de 2011 debido a que a demora na aprobación e publicación do Plan impediu proceder con estas actividades en 2010.

De seguido, descríbense esas tarefas de preparación e de organización:

1) Constitución do Grupo Coordinador de Seguimento e de Avaliación do Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia 2010- 2013.

O 25 de xaneiro de 2011 constituíuse este grupo conformado polas seguintes persoas:

- Subdirector xeral de Promoción da Autonomía Persoal (Consellería de Traballo e Benestar).
- Xefe do Servizo de Promoción da Accesibilidade (Consellería de Traballo e Benestar).
- Xefa do Servizo de Equipamentos e Servizos de persoas con discapacidade (Consellería de Traballo e Benestar).
- Subdirectora xeral de Promoción da Igualdade (Secretaría Xeral da Igualdade)
- Presidente de CERMI –GALICIA.

Máis tarde incorporárase a xefa de servizo da Unidade Administrativa de Igualdade (Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Traballo e Benestar).

A Directora xeral da Dependencia e Autonomía Persoal ostenta a Presidencia deste Grupo coordinador, na súa condición de responsable directiva do departamento promotor do Plan.

As funcións asignadas ao grupo son:

- Actuar como impulsor do Plan de acción integral de persoas con discapacidade de Galicia 2010-2013.
- Elaborar unha programación anual do plan ou caderno de seguimento, en base ao calendario de medidas previstas.
- Prestar apoio técnico á Comisión para o seguimento e avaliación do Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia.

- Preparar as xuntanzas correspondentes, elaborar a documentación pertinente e recoller e analizar a información necesaria para o seguimento e avaliación.
- Propoñer a realización de novos indicadores, se procede.
- Elevar propostas de novas actuacións á Comisión para o Seguimento e Avaliación do Plan a instancia dos organismos implicados.

Na mesma data de constitución tivo lugar a primeira xuntanza do grupo e o 18 de febreiro celébrase unha segunda xuntanza. En ambas reunións adoptáronse por unanimidade importantes decisións que permitiron a posta en marcha do procedemento de seguimento do Plan.

2) Envío de información relativa ao Plan de discapacidade

Realizouse un primeiro envío de información a todos os departamento administrativos que participaron na elaboración do Plan e aqueles outros que, sen participar, están implicados no seu desenvolvemento. Ese envío incluía:

- Un exemplar do documento público do Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia 2010-2013.
- Unha listaxe das actuacións que lle correspondían a cada departamento durante todo o período de vixencia do Plan.
- Un escrito de carácter informativo no que tamén se solicitaba o nome da persoa de contacto no departamento responsable para cooperar no proceso de seguimento do Plan: ou ben confirmando a persoa que xa tiña participado na súa elaboración (a través dalgún dos grupos de traballo constituídos para tal cometido), ou ben designando una nova persoa de contacto para este proceso. O obxectivo desta petición era contar coa relación definitiva e actualizada do equipo humano que colaboraría máis directamente no seguimento do Plan durante o período 2010-2013. O **anexo 1** recolle un cadro que mostra as persoas de contacto designadas para o seguimento do Plan nos diferentes organismos implicados.

Tamén se remitiu un exemplar ao Presidente da Xunta de Galicia, aos conselleiros e conselleiras, ás secretarías xerais e ás sete federacións de asociacións que integran CERMI Galicia, ademais do propio CERMI.

En definitiva, efectuáronse preto de 100 envíos personalizados e imprimíronse 225 exemplares do Plan.

3) Deseño do proceso de recollida de información: elaboración de instrumentos para a recollida.

Tendo en conta o elevado número de departamentos implicados no Plan (case 50, incluíndo a entidade representativa do movemento asociativo), era preciso definir un procedemento para a recollida ordenada de datos en cada anualidade de vixencia do plan de acción.

Esta recollida debía estar impulsada, organizada e realizada polo grupo coordinador de seguimento, que conta co apoio técnico pertinente. Nese sentido, a colaboración dos departamentos participantes no Plan convértese nun elemento esencial, como tamén a comunicación continuada grupo coordinador-departamentos participantes.

Para esa comunicación e para a recompilación sistemática de datos precisábanse ferramentas que permitisen a unificación de criterios por parte de todas as persoas responsables do seguimento desde os seus respectivos órganos.

Procedeuse, por iso, a elaborar dúas ferramentas que resultaban fundamentais:

- **Deseño dun formulario** para cada departamento administrativo a través do que comunicar os datos relativos a cada indicador na anualidade de referencia. O modelo de formulario para utilizar como instrumento de recollida de información no seguimento do Plan someteuse a valoración do Grupo coordinador, a proposta da empresa consultora que presta apoio técnico no seguimento do Plan. Na segunda xuntanza do Grupo aprobouse por unanimidade tanto o formato como o contido e funcionamento deste formulario, que ten como obxectivo facilitar a comunicación de datos por parte de cada organismo/entidade responsable das actuacións e, o que é máis importante, que esta se realice adoptando os mesmos criterios, entre departamentos e en cada anualidade de execución do Plan.
- **Creación dunha conta de correo web** para o intercambio de información relativa ao seguimento e avaliación: plangalegodiscapacidade.benestar@xunta.es. A través desta conta, remitíronse un total de 45 formularios para o seguimento 2010 a outros tantos departamentos administrativos, incluído CERMI Galicia (entidade representante do movemento asociativo, primeiro na elaboración do Plan e agora no seguimento deste). A través deste medio tamén ten lugar a comunicación do Grupo coordinador de seguimento e avaliación do Plan con todos os organismos participantes. Os contidos desta comunicación son de moi diversa natureza: petición/achega de datos, consulta/resolución de dúbidas, notas informativas sobre actuacións e indicadores, recordatorios de tarefas etc.

5) Inicio de trámites para a creación por Decreto da **Comisión para o Seguimento e Avaliación do Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia 2010-2013.**

Elaborouse o borrador do texto do decreto que se someteu a consideración do Grupo coordinador. Así mesmo, iniciouse o proceso de tramitación correspondente, durante o que se dou trámite de información pública e de alegacións por parte dos axentes sociais interesados. Recollidas e valoradas as alegacións recibidas, no momento en que se redacta este informe o proceso atópase na fase final, na que o texto “definitivo” ten que ser informado pola Subdirección Xeral de Apoio Técnico Xurídico e pola Asesoría Xurídica, para, de seguido, elevalo ao Consello do Goberno da Xunta de Galicia e, por último, publicarse no Diario Oficial de Galicia.¹

6) Organización dunha xornada informativa de seguimento e de indicadores para o seguimento do Plan.

A xornada celebrouse o día 3 de marzo de 2011, por decisión do Grupo Coordinador na súa primeira xuntanza, e convidouse a todos os departamentos administrativos participantes no Plan, ademais das entidades de iniciativa social que integran CERMI Galicia. Estiveron representados en dita xornada o 66,6% dos departamentos convocados². Non obstante, o número de asistentes foi superior (case 40 persoas), xa que por parte dalgún departamento asistiron varias persoas, como foi o caso da Área de Benestar da Consellería de Traballo e Benestar ou de Cermi Galicia.

O obxectivo de dita xornada era presentar-informar o Plan de acción, o procedemento de seguimento e de avaliación e o formulario elaborado especificamente para a recollida da información necesaria para realizar un adecuado seguimento do Plan. En definitiva, a xornada pretendía explicar polo miúdo as características e parámetros do conxunto de indicadores e a forma en como estes se debían cumprimentar para conseguir, deste xeito, manexar unha sistemática homoxénea de identificación dos valores de cada indicador.

O programa da xornada remitido coa convocatoria foi o seguinte:

- 10:00h-10:30h: Presentación: breve descrición dos contidos do Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia, 2010-2013.
- 10:30h-10:45h: Explicación do sistema de seguimento e avaliación do Plan.
- 10:45h-11:45h: Presentación e explicación do formulario de seguimento para a recollida de información .
- 11:45h-12:15h: Calendario de tarefas

¹ Na data en que se está informando/comunicando o presente informe aos departamentos implicados, xa se pode dicir que, no **DOG do 1 de xullo de 2011, se publicou o Decreto 122/2011, do 16 de xuño, polo que se crea a Comisión para o seguimento e avaliación do Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia 2010-2013.**

² A convocatoria realizouse directamente desde a Dirección Xeral de Dependencia e Autonomía Persoal.

O referido programa de contidos cumpriuse na súa totalidade e de maneira satisfactoria, tanto para a organización como para as persoas asistentes, podendo terminar incluso antes da hora prevista.

Algúns departamentos administrativos non asistiron á xornada por diversos motivos. Non obstante, recibiron igualmente en prazo o formulario de seguimento 2010, acompañado dun escrito (ao igual que o resto de departamentos) no que se aludía a dita xornada informativa e ao contido e obxectivos da mesma. Deste xeito, o Grupo Coordinador de Seguimento e Avaliación do Plan quedaba a disposición dos departamentos ausentes para resolver calquera dúbida e/ou para informar do contido da xornada informativa de seguimento e de indicadores do Plan galego de discapacidade.

7) Proceso de recollida de información para o seguimento 2010.

A continuación descríbense, de forma resumida e cronoloxicamente, os pasos que se deron desde a celebración da xornada informativa de indicadores ata acadar toda a información necesaria para elaborar o informe que aquí se presenta:

- 10 de marzo: remisión personalizada dos formularios de seguimento 2010, establecendo como prazo para o envío de datos o 21 de marzo³.
- 22 de marzo: remisión dun recordatorio aos departamentos que non tiñan remitido o formulario.
- 14 de abril: remisión dun novo recordatorio aos departamentos administrativos que seguían sen remitir a información nesa data.
- Do 20 de abril ao 27 de maio, recordatorios varios a departamentos que seguían pendentes de envío de datos.
- Durante todo o proceso o Grupo coordinador (co apoio da asistencia técnica) procedeu á remisión dos requirimentos e/ou consultas naqueles casos nos que era preciso aclarar dúbidas sobre a información facilitada e/ou nos casos en que o formulario de comunicación de datos estaba incompleto ou mal informado.
- Durante todo o proceso tamén se atendeu todas as consultas que, por vía telefónica ou por correo electrónico, formularon os diferentes organismos implicados.
- Procedeuse á revisión de todos os formularios e ao seu rexistro nunha base de datos especificamente deseñada para este cometido, como paso previo á análise da información por áreas de intervención e á presentación dos resultados no presente informe.

³ No caso dalgúns departamentos participantes en accións de carácter transversal, a remisión de formularios tivo lugar nos días seguintes ao 10 de marzo (ver anexo 2).



- Con data de 30 de xuño dáse por finalizada a recepción de formularios de seguimento cun único departamento sen resposta, o que supón un 97,8%⁴ de participación no proceso de seguimento 2010 do Plan de acción, no que se refire á comunicación de datos.

O **anexo 2** inclúe unha táboa na que se da conta das datas de envío de petición e de recepción da información 2010 por departamentos. Trátase dun cadro resume no que tan só se pretende informar en que datas recibiu o Grupo coordinador os formularios de datos, polo tanto non se fan constar todas as comunicacións efectuadas con cada departamento (nalgúns casos moi numerosas).

⁴ Contabilízanse en positivo todos os casos en que se respondeu co envío do formulario de seguimento, aínda cando este non se remitise coa totalidade de datos solicitados e/ou non co detalle requerido.

3 PROGRAMACIÓN DE ACTUACIÓNS 2010 POR ÁREA

Segundo consta no documento do Plan acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia 2010-2013, o seguinte cadro resume o número de obxectivos específicos e de actuacións por cada área de intervención, sinalando na última columna o número de actuacións programadas para 2010 en cada área e o seu peso porcentual no total de actuacións do período 2010-2013, tamén en cada área e no conxunto do Plan.

Táboa 1. ÁREAS DE INTERVENCIÓN DO PLAN: Nº DE OBXECTIVOS ESPECÍFICOS, Nº TOTAL DE ACTUACIÓNS, Nº DE ACTUACIÓNS PROGRAMADAS EN 2010 E PESO PORCENTUAL

ÁREA	Nº obxectivos específicos	Nº total de actuacións	Actuacións programadas 2010	
			Nº	% *
1 PROTECCIÓN DOS DEREITOS	3	18	7	38,9
2 IGUALDADE DE XÉNERO E TRANSVERSALIDADE	4	28	10	35,7
3 ACCESIBILIDADE	4	50	27	54,0
4 PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL	4	34	22	64,7
5 EDUCACIÓN	6	28	23	82,1
6 FORMACIÓN E EMPREGO	5	47	32	68,1
7 RECURSOS NO ÁMBITO DOS SERVIZOS SOCIAIS	3	30	14	46,7
8 SAÚDE E ATENCIÓN SOCIO SANITARIA	3	19	6	31,6
9 ATENCIÓN TEMPERÁ	3	16	2	12,5
10 CULTURA, DEPORTE E TEMPO DE LECER	3	31	16	51,6
TOTAIS	38	301	159	52,8%

*Peso porcentual no total de actuacións do período de vixencia do Plan, 2010-2013.

Nos seguintes gráficos obsérvase esa distribución porcentual. O peso das actuacións 2010 sobre o total do período varía considerablemente entre áreas, desde un mínimo de 12,5%, na área 9, Atención temperá, ata o 82,1% na área de Educación. A distancia entre ambos valores porcentuais da conta das grandes diferenzas no número de actuacións de área.

A área 7, de recursos no ámbito dos servizos sociais, tiña programadas xustamente a metade das súas actuacións para 2010; por riba desta atópanse cinco áreas, é dicir, con maior representación das súas accións en 2010: áreas 10, 3, 4, 6 e 5, segundo orde crecente do seu valor porcentual. Por debaixo están catro áreas: a 1, 8, 2 e 9, por orde decrecente do seu valor porcentual.

Considerando o Plan no seu conxunto, en 2010 estaba programada actividade en máis da metade das actuacións, concretamente nun 53,2%.



Gráfico 1A. PORCENTAXE DE ACTUACIÓNS PROGRAMADAS EN CADA ÁREA PARA O EXERCICIO 2010 SOBRE O TOTAL DO PERÍODO 2010-2013.





Gráfico 1B. PORCENTAXE DE ACTUACIÓNS PROGRAMADAS EN CADA ÁREA PARA O EXERCICIO 2010 SOBRE O TOTAL DO PERÍODO 2010-2013. DISTRIBUCIÓN POR ORDE DECRECENTE DO SEU VALOR PORCENTUAL



4 RESULTADOS 2010

Este capítulo constitúe a parte central do presente informe de avaliación por ser aquí onde se recollen os resultados das actuacións do Plan desenvolvidas durante o exercicio 2010. Para a súa exposición **procédese analizando os datos acadados por área de distribución e non por departamento administrativo**⁵. Así pois este capítulo divídese en dez subcapítulos, tantos como áreas de actuación ten o Plan, máis un último a modo de resume estatístico.

Cada **subcapítulo** preséntase coa seguinte **estrutura**:

- Unha **parte introdutoria** na que se recorda o obxectivo xeral e obxectivos específicos de área, onde se sinala o número de actuacións programadas para a anualidade 2010 e se relacionan os departamentos responsables.
- Segue un **cadro de todas as actuacións programadas** en dito exercicio, distribuídas segundo o obxectivo específico, no que se describen para cada unha delas os **resultados acadados tomando como referencia os indicadores de realización que contempla o plan e a información/datos que para cada indicador achegaron os organismos ou entidades responsables**. Nalgúns casos engádese outra formación de interese ou explicacións que axudan a entender a actividade realizada (sempre en función da información facilitada ao Grupo coordinador de seguimento e avaliación por cada organismo/entidade). Este cadro constitúe a parte fundamental de cada subcapítulo.
- Despois do cadro, **resúmese o nivel de execución de área** tomando como medida a porcentaxe de actuacións con actividade en 2010 respecto do total de medidas previstas para ese exercicio.
- Por último, engádense gráficos que mostran a **distribución por sexo de participantes nalgunhas actuacións**. Con estes gráficos preténdese por de manifesto posibles diferenzas motivadas polo xénero nos resultados, aínda que **non é obxecto deste informe de seguimento a súa análise**, tarefa que formará parte da avaliación intermedia e final do Plan. O motivo polo que se ofrecen estes primeiros datos é a importancia que se da neste Plan á igualdade de xénero e á transversalidade deste concepto, así como o esforzo que se está a realizar para conseguir que o enfoque de xénero vaia calando nos diferentes organismos e entidades, xunto coa perspectiva da “discapacidade”. É moi importante sinalar, en todo caso, que os datos responden só a algunhas actuacións (aquelas nas que proceden os datos por sexo e, ademais, se dispón deles) e pretenden dar a coñecer a tendencia neste primeiro ano de desenvolvemento do Plan.

Por último, o **apartado 4.11 sintetiza os niveis de execución** acadados a través de datos estatísticos: números absolutos e porcentaxes.

⁵ O proceso de recollida de información programouse por departamento/entidade, pero a análise de resultados establécese tomando como elemento estrutural de referencia a área de intervención. Para coñecer o nivel de participación/execución por departamento, **consultar anexo 2**.



En relación co anterior cómpre indicar que **para o cálculo dos niveis de execución adoptouse como criterio para a consideración dunha actuación como “executada”, o feito de que tivese algunha actividade en 2010, aínda cando esta non se rematara nesa anualidade** (malia que así estivese previsto). **A adopción deste criterio débese á situación excepcional que se creou en 2010, motivada pola demora na data de información do Plan de acción ao Consello de Goberno da Xunta de Galicia.**

4.1 ÁREA 1 PROTECCIÓN DOS DEREITOS.

A área 1 de intervención do plan, Protección dos dereitos, ten como obxectivo garantir e promover os dereitos das persoas con discapacidade.

Está conformada por un total de **18 medidas** para dar consecución a tres obxectivos específicos definidos para acadar ese obxectivo xeral de área:

1. Promover información, formación e asesoramento dirixido ás persoas con discapacidade, familiares, profesionais implicados/as e á sociedade en xeral, sobre os dereitos e protección xurídica.
2. Garantir e promover a accesibilidade das persoas con discapacidade e familiares á xustiza e a unha axeitada protección xurídica.
3. Desenvolver políticas públicas que garantan, de xeito efectivo, os dereitos das persoas con discapacidade de acordo coa Convención sobre os dereitos das persoas con discapacidade.



Do total de medidas de área, **sete** tiñan prevista actividade para o **exercicio 2010**.

Os **departamentos responsables** das accións programadas foron: a Dirección Xeral de Dependencia e Autonomía Persoal, a Fundación Galega para o impulso da Autonomía Persoal e Atención ás Persoas en Situación de Dependencia -FUNGA, a Secretaría Xeral de Familia e Benestar e a Secretaria Xeral de Medios.

Na seguinte táboa recóllense os resultados de ditas actuacións a partir dos indicadores de realización que o plan contempla para as medidas programadas nesa anualidade, distribuídas nos tres obxectivos específicos de área.

Area 1 PROTECCIÓN DOS DEREITOS

Obxectivo específico 1. Promover información, formación e asesoramento dirixido ás persoas con discapacidade, familiares, profesionais implicados/as e á sociedade en xeral, sobre os dereitos e a protección xurídica.

Actuación	Resultados segundo indicadores
<p>1.1.4. Promover a realización de accións informativas (mediante charlas ou semellantes) sobre os dereitos e deberes das persoas incapacitadas xudicialmente, das súas persoas titoras e do resto de familiares, así como dos e das profesionais para evitar conflitos derivados do descoñecemento nesta materia.</p>	<p>Nº de accións informativas realizadas. 4 Realizáronse un total de 4 charlas a cargo da Fundación Galega para o Impulso da Autonomía Persoal e Atención ás Persoas en Situación de Dependencia – FUNGA, en resposta á solicitude das seguintes entidades*:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Asociación Prodeme (Monforte de Lemos), - Cruz Roja (A Coruña), - Asociación Íntegro (Nantón – Cabana de Bergantiños), - ASPAS (Santiago de Compostela). <p>Persoas destinatarias: membros das entidades organizadoras, persoas socias, familiares e público en xeral.</p> <p>Contidos: o proceso de determinación da capacidade de obrar (proceso de incapacitación), a capacidade de obrar modificada en xeral (a incapacitación), figuras protectoras (tutela, curadoría, defensa xudicial, administración de bens), dereitos e deberes das persoas incapacitadas xudicialmente e dos seus titores en senso amplo e vinculación do resto de familiares.</p> <p><i>* Nota: estas foron as entidades organizadoras, polo que non se conta cos datos sobre o número de persoas participantes.</i></p>
<p>1.1.5. Dar continuidade ao programa de adopcións especiais dirixido especificamente a asesorar, formar e acompañar a familias adoptantes de nenos ou nenas con especiais dificultades, entre elas as derivadas dunha discapacidade.</p>	<p>Nº de adopcións especiais realizadas. 1 Trátase dunha discapacidade sensorial (visual).</p>

Obxectivo específico 2. Garantir e promover a accesibilidade das persoas con discapacidade e familiares á xustiza e a unha axeitada protección xurídica.

Actuación	Resultados segundo indicadores
<p>1.2.2. Prestar o apoio necesario para garantir unha información accesible (braille, intérprete linguaxe de signos e outros sistemas alternativos da comunicación) ás persoas con discapacidade nos procedementos xudiciais nos que sexan parte procesual.</p>	<p>Nº total de intervencións de apoio realizadas. 49 Efectuáronse 49 interpretacións en lingua de signos en procedementos xudiciais, a través da Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG). Financia a Dirección Xeral de Xustiza.</p> <p>Nº de persoas ás que se prestou apoio mediante procedementos accesibles específicos. Non se conta co dato exacto do número de persoas (por sexo). Para a anualidade 2011 e seguintes a Dirección Xeral de Xustiza pedirá á FAXPG o control do dato por sexo para incluír en próximos informes de seguimento.</p>

<p>1.2.3. Deseñar e poñer en marcha un plan de actuación da Fundación Galega para o impulso da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia –FUNGA para adaptar a estrutura da Fundación á realidade diaria do traballo e así mellorar a atención prestada ás persoas tuteladas, conseguir un funcionamento máis áxil e eficaz e dar a coñecer o seu labor e funcionamento.</p>	<p>Deseño do plan e posta en marcha. Si A FUNGA puxo en marcha o plan de actuación. Este implicou, entre outros, a modificación dos estatutos e a celebración de charlas dirixidas a traballadores/as sociais, para explicar a estrutura e funcionamento da Fundación.</p> <p>Nº de accións informativas: 4 (unha por provincia). Nº de persoas participantes. Un total de 329 persoas; 290 mulleres e 39 homes.</p> <p>Información adicional: Persoas destinatarias: traballadores/as sociais. Contidos: presentación, organización e funcionamento da FUNGA. Lugar e data de realización: Vigo (23 de novembro), Ourense (24 de novembro), Lugo (30 de novembro) e A Coruña (1 de decembro). No momento en que se redacta este informe, o proceso de modificación estatutaria está pendente da aprobación das modificacións propostas, nas que se prevé a incorporación da perspectiva de xénero nas actuacións que a Fundación realice ou promova.</p>
--	---

Obxectivo específico 3. Desenvolver políticas públicas que garantan, de xeito efectivo, os dereitos das persoas con discapacidade de acordo coa Convención sobre os dereitos das persoas con discapacidade.


Actuación	Resultados segundo indicadores
<p>1.3.6. Deseñar e executar accións de sensibilización social sobre as persoas con discapacidade, considerando a perspectiva de xénero e reforzando a súa imaxe positiva, libre de estereotipos, e a súa contribución á sociedade.</p>	<p>Nº de accións de sensibilización executadas. Desde a Secretaría Xeral de Medios promoveuse:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Un spot publicitario . • Unha Declaración institucional no Día Internacional de Persoas con discapacidade, que se publicou nos principais xornais galegos.
<p>1.3.7. Elaborar unha guía de boas prácticas informativas dirixidas a profesionais da comunicación para establecer mecanismos de autocontrol sobre a transmisión estereotipada da imaxe das persoas con discapacidade.</p>	<p>Finalizada dita anualidade, contábase coa guía de boas prácticas informativas para profesionais da comunicación, pero non se pode engadir nada máis respecto do nº de exemplares publicados, do nº de visitas realizadas a ese espazo da web ou o do nº de descargas realizadas. Os compromisos asumidos pola Secretaría Xeral de Medios para 2010 están en fase de desenvolvemento nos primeiros meses de 2011, debido a que o Plan de acción integral para as persoas con discapacidade se aprobou a finais de 2010.</p>
<p>1.3.8. Incluir programas nos diferentes medios audiovisuais que promovan actitudes e condutas positivas cara ás persoas con discapacidade, de maneira especial no caso das mulleres, para conseguir unha visibilización axeitada deste colectivo.</p>	<p>Programas desenvolvidos. 48 edicións do programa “Convivir en igualdade”. A Secretaría Xeral da Consellería de Traballo e Benestar, a través dun convenio coa Radio Galega, desenvolveu durante 2010 o programa “Convivir en igualdade”, cun total de 48 edicións.</p>

En resumo:

Á vista da información dispoñible, pódese falar da execución da práctica totalidade das medidas programadas en 2010 na área de Protección dos dereitos, malia que, nalgún caso, quedaría algo pendente por concluír en 2011. Por exemplo, no que respecta á actuación 1.3.7.⁶

Segundo o criterio utilizado para a valoración de acción executada/non executada, non se contabilizan neste área actuación algunha como “non executada”.

Gráfico 2. DISTRIBUCIÓN DE PERSOAS PARTICIPANTES POR SEXO. ACTUACIÓN 1.2.3.



Fonte: elaboración propia a partir dos datos facilitados na actuación 1.2.3. pola FUNGA

⁶ Recórdese que se consideran como executadas (en todas as áreas de intervención) todas as actuacións que tiveron actividade en 2010, aínda cando non se rematara a súa execución nesa anualidade.

4.2 ÁREA 2 IGUALDADE DE XÉNERO E TRANSVERSALIDADE.

A área 2 do Plan conta con **28 actuacións** coas que se busca garantir a igualdade de oportunidades para as mulleres con discapacidade cara á súa plena participación na vida social, cultural, económica e política. As actuacións están distribuídas en catro obxectivos específicos:

1. Establecer os mecanismos para facer posible a transversalidade de xénero na implantación do Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia, 2010-2013.
2. Promover a participación das mulleres con discapacidade nos diferentes ámbitos incidindo na mellora da súa autoestima, na concienciación das familias e da sociedade para evitar a súa sobreprotección e practicar unha socialización igualitaria libre de estereotipos sobre xénero e discapacidade.
3. Previr e actuar ante calquera tipo de violencia exercida sobre as mulleres con discapacidade.
4. Promover o dereito ás relacións afectivas das mulleres con discapacidade ao tempo que se garante o seu dereito ao libre desenvolvemento da maternidade.



Para a **anualidade 2010** programáronse 10 actuacións nas que participaron os seguintes organismos: 1) Secretaría Xeral da Igualdade; 2) Secretaría Xeral da Consellería de Traballo e Benestar; 3) Dirección Xeral de Dependencia e Autonomía Persoal; 4) CERMI Galicia.

Ademais, como consecuencia do carácter transversal dalgunha das actuacións, participan outros departamentos en maior ou menor medida.

A táboa que segue resume os datos relativos aos indicadores de realización de cada unha das medidas programadas en 2010 no marco da área de igualdade de xénero e transversalidade.

Area 2 IGUALDADE DE XÉNERO E TRANSVERSALIDADE

Obxectivo específico 1. Establecer os mecanismos para facer posible a transversalidade de xénero na implantación do Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia.

Actuación	Resultados segundo indicadores
<p>2.1.1. Incorporar a perspectiva de xénero nas actuacións formativas que se leven a cabo no marco deste Plan, de maneira que toda a formación específica en materia de discapacidade se imparta con perspectiva de xénero e establecer os mecanismos de control para que sexa efectivo.</p>	<p>Nº de actividades formativas nas que se incorporou a perspectiva de xénero.</p> <p>Esta actuación ten carácter transversal. A continuación sinálase o número de actividades formativas con perspectiva de xénero segundo o departamento responsable e en función da información facilitada por estes:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Universidades: 3 • Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica: 1 • Secretaría Xeral da Igualdade: 4 • Escola Galega da Administración pública: 27 . Nas 27 actividades formativas con perspectiva de xénero participaron 5.102 persoas, con 1.245 horas lectivas. • Dirección Xeral de Formación e Colocación: 29 • Dirección Xeral de Comercio: 1 • Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria: 1. Curso de <i>Atención as persoas con dependencia. Lei de dependencia (Plan AFCAP - FEGAS)</i>. • Dirección de Recursos humanos -Servizo Galego de Saúde: dúas edicións do curso <i>Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes</i> (30 horas) dirixido a mandos intermedios do Servizo Galego de Saúde. • USC: a perspectiva de xénero é un eixo transversal en todas as actuacións formativas programadas dende o Servizo de Participación e Integración Universitaria (SEPIU). En 2010 desenvolveuse o curso en liña: <i>Diversidade funcional e participación social: favorecendo o desenvolvemento da vida independente</i>. • A Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa informa que todas as actividades formativas que se desenvolven cumpren a perspectiva de xénero. • Secretaría Xeral de Familia e Benestar: ningunha das actividades formativas propostas pola Subdirección Xeral de Familia e Menores sobre discapacidade e xénero, orientadas aos equipos de adopción, foi aprobada pola EGAP.

<p>2.1.2. Dar prioridade ás mulleres con discapacidade nos programas/actuacións dirixidas ás persoas con discapacidade que se desenvolvan no marco deste Plan.</p>	<p>Nº de programas/actuacións nas que se incorporou dita priorización. No caso da Secretaría Xeral da Igualdade priorizouse ás mulleres con discapacidade en tres dos programas/actuacións . Dado o escaso nivel de execución de novas medidas na atención ao colectivo de discapacidade, pola demora da aprobación do Plan, non se conta con máis datos relativos á priorización de mulleres con discapacidade nos programas dirixidos ao colectivo. Hai que agardar ao informe de seguimento 2011 e seguintes.</p>
<p>2.1.3. Definir un sistema de indicadores que permita avaliar o impacto de xénero das actuacións que se leven a cabo no marco do Plan.</p>	<p>Polo momento non existe un sistema de indicadores de xénero como tal, pero inclúese a diferenciación por sexo en todos os indicadores do Plan nos que procede. O presente informe inclúe gráficos que ilustran esa diferenciación por sexo nalgunhas das actuacións.</p>
<p>2.1.5. Facer mención e atención explícita ás mulleres con discapacidade nas políticas de acción positiva dirixidas ás mulleres galegas da Secretaría Xeral da Igualdade (ou departamento equivalente).</p>	<p>Convocatorias nas que se inclúen medidas de acción positiva. A Secretaría Xeral da Igualdade contempla a situación das mulleres con discapacidade nas seguintes actuacións:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Resolución do 17 de agosto de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas e subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para centros e recursos integrais (DOG nº 160, do 20 de agosto de 2010). Ao abeiro desta convocatoria finánciase o mantemento de centros de atención especializada a mulleres en situación de risco ou en proceso de exclusión así como recursos integrais de apoio a mulleres en situación de especial protección, como son as mulleres con discapacidade. • Axudas á realización e difusión de estudos e investigacións e á organización de xornadas ou congresos en materias relacionadas coas mulleres. • Estadías de tempo libre para mulleres soas con responsabilidades familiares non compartidas. • Axudas periódicas de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero. • Axudas establecidas no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e no artigo 43 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento da violencia de xénero. <p>Nº de medidas de acción positiva, por convocatoria Recóllese unha medida de acción positiva por cada convocatoria sinalada; en total cinco medidas de acción positiva nas convocatorias da S.X. da Igualdade de 2010.</p>



2.1.8. Ter en conta o binomio “discapacidade e xénero” nas accións de control de convenios colectivos desde unha perspectiva de xénero.	Nº de accións de control efectuadas considerando dito binomio. 86
2.1.11. Realizar recomendacións sobre “xénero e discapacidade” ás empresas que vaian a implantar un plan de igualdade.	Nº de empresas que recibiron recomendacións. 7
Obxectivo específico 2. Promover a participación das mulleres con discapacidade nos diferentes ámbitos incidindo na mellora da súa autoestima, na concienciación das familias e da sociedade para evitar a súa sobreprotección e practicar unha socialización igualitaria libre de estereotipos sobre xénero e discapacidade.	
Actuación	Resultados segundo indicadores
2.2.3. Promover a creación de comisións específicas de mulleres nas federacións de asociacións das persoas con discapacidade para traballar desde a perspectiva de xénero.	Nº de comisións creadas. En 2010 creáronse tres comisións nas seguintes entidades: <ol style="list-style-type: none"> 1. Comité de Entidades Representantes de persoas con Discapacidade de Galicia (CERMI Galicia). Comisión específica constituída en decembro de 2010 por 5 mulleres. 2. Confederación Galega de persoas con Discapacidade COGAMI. Constituída por 3 homes e 4 mulleres. <ul style="list-style-type: none"> • Federación de asociacións de persoas xordas de Galicia FAXPG. Neste caso recibe o nome de Comisión de igualdade e está constituída por 3 mulleres. Cómpre engadir que: <ul style="list-style-type: none"> • A Organización Nacional de Cegos Españoles en Galicia (ONCE) creou a súa comisión con anterioridade a 2010. Está constituída por 3 homes e 6 mulleres. • FADEMGAL FEAPS GALICIA non creou ningunha comisión específica de mulleres, pero forma parte da comisión de mulleres do CERMI GALICIA. • Down Galicia está no proceso de creación da comisión no momento en que se redacta este informe.
Obxectivo específico 3. Previr e intervir ante calquera tipo de violencia exercida sobre as mulleres con discapacidade.	
Actuación	Resultados segundo indicadores
2.3.1. Consolidar o apoio a mulleres vítimas de violencia de xénero e/ou procedentes de casas de acollida na formación profesional, na contratación e no emprendemento, considerando de maneira especial a quen ten algunha discapacidade.	Nº de mulleres con discapacidade, vítimas de violencia de xénero que realizan formación profesional. Non se rexistraron casos en 2010 Nº de mulleres con discapacidade, vítimas de violencia de xénero contratadas. Non se rexistraron casos en 2010 Nº de mulleres con discapacidade, vítimas de violencia de xénero emprendedoras. Non se rexistraron casos en 2010
2.3.2. Instar á elaboración e publicación de estatísticas sobre violencia de xénero en Galicia, identificando e analizando os casos de violencia exercida contra mulleres que presentan algunha discapacidade.	Actuación non executada en 2010, por demora na aprobación do Plan.

Obxectivo específico 4. Promover o dereito ás relacións afectivas das mulleres con discapacidade ao tempo que se garante o seu dereito ao libre desenvolvemento da maternidade.


Actuación	Resultados segundo indicadores
<p>2.4.1. Poñer en marcha unha convocatoria de axudas para promover o desenvolvemento de programas de apoio ás mulleres xestantes e lactantes con especial mención ás mulleres con discapacidade.</p>	<p>En 2010 publicouse unha convocatoria de subvencións destinadas a entidades de iniciativa social para o desenvolvemento de programas de apoio a mulleres xestantes e/ou lactantes con fillas/os menores de 3 anos (<i>Resolución do 30 de xullo de 2010, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as subvencións destinadas a entidades de iniciativa social para o desenvolvemento de programas de apoio a mulleres xestantes e/ou lactantes con fillas/os menores de tres anos, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria</i>), pero non se computa neste informe debido a que non incluía mención explícita ás mulleres con discapacidade. Algo que si está previsto para 2011</p>

En resumo:

O exercicio 2010 finalizou coa execución de sete das 10 medidas programadas para esta anualidade, o que implica un nivel de execución do 70% na área 2 do Plan de acción, igualdade de xénero e transversalidade.

As actuacións consideradas como “non executadas” son: a 2.1.3., a 2.3.2. e a 2.4.1.

Gráfico 3. DISTRIBUCIÓN DE PERSOAS PARTICIPANTES POR SEXO.
ACTUACIÓN 2.2.3.



Fonte: elaboración propia a partir dos datos facilitados na actuación 2.2.3 por CERMI Galicia

4.3 ÁREA 3 ACCESIBILIDADE.

A área de accesibilidade é a que conta cun maior número de actuacións: un total de 50, número que supón case o 17% do conxunto de medidas do Plan, un peso porcentual importante, se se ten en conta que son 10 as áreas de intervención.

As medidas programadas nesta área 3 diríxense a:

1. Mellorar a normativa existente en materia de accesibilidade.
2. Sensibilizar, dar e coñecer, formar e asesorar en materia de accesibilidade.
3. Promover a eliminación das barreiras que limitan o acceso á información e comunicación, aos bens, produtos... en igualdade de condicións que o resto da poboación.
4. Promover a eliminación de barreiras que limitan o acceso ao contorno físico, medio urbano e transporte das persoas con discapacidade.



Estas catro metas perseguen un fin común: garantir a accesibilidade das persoas con discapacidade aos contornos, espazos, bens, produtos e servizos en igualdade de condicións co resto da poboación.

Para **2010** preveuse a realización de **27 actuacións** do total programado para o período 2010-2013 nesta área, a cargo dos seguintes **departamentos**: 1) Secretaría Xeral de Medios; 2) Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica; 3) Universidades; 4) Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo; 5) Dirección Xeral de Dependencia e Autonomía Persoal; 6) Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza; 7) Dirección Xeral de Administración Local; 8) Compañía de Radio Televisión de Galicia; 9) FEGAS; 10) EGAP; 11) Secretaría Xeral da Igualdade; 12) AXEGA; 13) Secretaría Xeral para o Turismo; 14) Secretaría Xeral de Familia e Benestar.

No cadro seguinte infórmase dos resultados acadados para cada unha das actuacións previstas con actividade no exercicio 2010.

Area 3 ACCESIBILIDADE	
Obxectivo específico 1. Mellorar a normativa existente en materia de accesibilidade e proceder ao seu desenvolvemento e control de aplicación.	
Actuación	Resultados segundo indicadores/observacións
3.1.1 Crear un grupo de traballo mixto de persoal técnico da Administración, entidades de iniciativa social e outros organismos representativos na materia para a modificación da lei de accesibilidade e elaboración de toda a normativa que a desenvolva.	Grupo de traballo creado. Debido á demora da aprobación do Plan non foi posible crear este grupo de traballo mixto antes de finalizar 2010, polo que pasa a formar parte das actuacións da Dirección Xeral de Dependencia e Autonomía Persoal en 2011.
Obxectivo específico 2. Sensibilizar, dar e coñecer, formar e asesorar en materia de accesibilidade.	
Actuación	Resultados segundo indicadores
3.2.1. Reforzar a actividade da Comisión técnica de accesibilidade (emisión de ditames e tramitación de denuncias) facendo públicos os ditames de maior interese xeral.	Nº de denuncias tramitadas. 21 Nº de ditames emitidos. 92 Nº de ditames difundidos. 0
3.2.2. Continuar co labor de Información e asesoramento en materia de accesibilidade a través do Servizo de promoción da accesibilidade (consultas telefónicas, a través de correo electrónico e de forma presencial nas dependencias administrativas).	Nº consultas atendidas. 900 Non é posible facilitar o número de consultas atendidas, segundo o medio a través do que tiveron lugar (teléfono, presencial ou correo electrónico). Non obstante, a Dirección Xeral de Dependencia e Autonomía Persoal ideou unha ferramenta para poder contar con estes datos para o seguimento 2011 e seguintes.
3.2.4. Informar e facilitar o acceso á normativa sobre accesibilidade (os contidos serán facilitados á CRTVG polo movemento asociativo e pola Dirección Xeral de Dependencia e Autonomía Persoal).	Actuación non executada en 2010, motivada pola demora na aprobación do Plan
3.2.5. Procurar a participación en igualdade das persoas con discapacidade nos programas da Compañía de Radio Televisión de Galicia –CRTVG, en calquera das modalidades posibles: concursantes, tertulianos/as, colaboradores/as...	Nº total de persoas con discapacidade participantes nos distintos programas da CRTVG. Un total de 8 persoas (5 homes e 3 mulleres) participaron en programas da CRTVG. Queda pendente de execución a campaña de comunicación interna da Compañía para promover a participación das persoas con discapacidade en diferentes programas.
3.2.6. Formar ao persoal dos medios de comunicación social sobre o uso non discriminatorio da linguaxe en relación ás persoas con discapacidade e xénero.	Actuación non executada en 2010, motivada pola demora na aprobación do Plan (Compañía de Radio Televisión de Galicia)
3.2.7. Incluír contidos sobre o beneficio social da accesibilidade universal e o deseño para todos e todas nas actuacións de sensibilización social sobre persoas con discapacidade que se inclúan neste plan.	Actuación non executada en 2010, motivada pola demora na aprobación do Plan (Secretaría Xeral de Medios e Dirección Xeral de Dependencia e Autonomía Persoal)
3.2.8. Establecer instrumentos de colaboración entre a Xunta de Galicia, as entidades representativas de persoas con discapacidade, as entidades locais e os colexios profesionais (de arquitectos/as...) para colaborar na formación e sensibilización de profesionais sobre a accesibilidade universal e o deseño para todas as persoas.	Actuación non executada en 2010, motivada pola demora na aprobación do Plan (Dirección Xeral de Dependencia e Autonomía Persoal)

<p>3.2.9. Implementar accións formativas en materia de accesibilidade /discapacidade na administración, sen esquecer a consideración das barreiras da comunicación en toda a súa amplitude e diversidade..</p>	<p>Nº de accións formativas realizadas en materia de accesibilidade/discapacidade. 12 por parte da FEGAS 12 por parte da EGAP</p> <p>Nº de horas lectivas por curso (cando non se trate de cursos específicos) que inclúen contidos sobre accesibilidade/discapacidade. Total de 394; 194 na EGAP e 200 na FEGAS.</p> <p>Por parte da FEGAS Os cursos nos que se incluíron contidos sobre accesibilidade/discapacidade foron os seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Humanización no ámbito sanitario: 80 horas. • Atención domiciliaria en atención primaria: 64 horas • Mobilización do paciente en atención especializada: 32 horas. • Abordaxe sociosanitario do paciente crónico: 16 horas. • Habilidades para a intervención sobre cuidadores/as de enfermos crónicos: 8 horas <p>Nº total de persoas formadas. 277; 26 homes e 251 mulleres. 9,4%/90,6%</p> <p>Por parte da EGAP</p> <ul style="list-style-type: none"> • Sistema Integrado Galego de Atención á Dependencia (SIGAD): 12 horas • Políticas de inserción e reinserción laboral: 90 horas • Unificación de criterios de valoración social dos EVOS: 12 horas • Aplicación da Lei 30/1992 no procedemento de recoñecemento da situación de dependencia e no programa individual de atención: 20 horas • Estudo dos programas de inclusión sociolaboral da comunidade autónoma da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia: 60 horas <p>Nº total de persoas formadas. 215</p>
<p>Obxectivo específico 3. Promover a eliminación das barreiras que limitan o acceso á información e comunicación, aos bens, produtos... en igualdade de condicións que o resto da poboación.</p>	
<p>Actuación</p>	<p>Resultados segundo indicadores</p>
<p>3.3.1. Desenvolver o programa TIC-TAC Galicia.</p>	<p>Nº de centros/entidades subvencionadas. Un total de 77, que se reparten do xeito seguinte:</p> <ul style="list-style-type: none"> • 54 da Secretaría Xeral de Medios; • 23 da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica. Neste caso cómpre sinalar que en 2010 iniciouse a instalación dos centros e prevese que entren en funcionamento en 2011. <p>Nº total de persoas con discapacidade beneficiarias. Non foi posible contar con este dato para 2010.</p>



<p>3.3.2. Diseñar e executar programas formativos multimedia nos centros da Rede CeMIT mellorando progresivamente a súa accesibilidade.</p>	<p>Actuación non executada por demora na aprobación do Plan.</p> <p>Non obstante, no marco da Rede CeMIT realizáronse cursos accesibles aos que moi probablemente asistisen persoas con discapacidade; agárdese poder rexistrar debidamente esta información cunha nova plataforma e poder facilitar datos no seguimento 2011.</p>
<p>3.3.3. Diseñar e executar programas formativos e de difusión coa finalidade de lograr tanto a alfabetización dixital da sociedade galega como o desenvolvemento da sociedade da información.</p>	<p>Nº de programas formativos de alfabetización. 68 Nº de persoas beneficiarias con discapacidade. 61; 44 homes e 17 mulleres. A participación por sexo en % é a seguinte: 64,7%/35,2%</p>
<p>3.3.4. Convocar premios ao desenvolvemento de novos contidos para a internet cara a fomentar o uso das tecnoloxías da información e da comunicación, con especial atención aos colectivos con maiores dificultades de acceso (no marco do Plan estratéxico galego da sociedade da información e do Plan Avanza).</p>	<p>Nº de premios concedidos. 6 Orzamento destinado aos premios concedidos: 46.500 €</p>
<p>3.3.5. Continuar co proceso de adaptación das páxinas web da Xunta de Galicia e organismos adscritos para garantir a accesibilidade, cumprindo o previsto no artigo 4 da lei 56/2007, do 28 de decembro que posibilita que todas as persoas poidan acceder aos recursos da web, calquera que sexa a súa infraestrutura de rede ou as súas aptitudes físicas ou mentais</p>	<p>Marco xeral de políticas de accesibilidade nas páxinas web elaborado: Si Nº de espazos web adaptados. 50</p>
<p>3.3.8. Realizar estudos para establecer as posibilidades reais coas que conta a canle autonómica de tv para adaptar os seus contidos cara a incorporación progresiva da subtítulos e audiodescripción de contidos.</p>	<p>Nº de estudos realizados. 3 Nº de adaptacións realizadas. 0</p>
<p>3.3.9. Adquirir infraestrutura técnica para ofrecer a subtítulos na TVG.</p>	<p>Acción non executada motivada pola demora na aprobación do Plan</p>
<p>3.3.10. Desenvolver espazos de lectura fácil nos espazos de comunicación da Xunta de Galicia.</p>	<p>Nº de espazos/novas de lectura fácil. Un total de 25 novas de lectura fácil. O día 3 de decembro de 2010, a Xunta de Galicia publicou 28 noticias na súa páxina web e 25 delas desenvolvéronse en lectura fácil.</p>
<p>3.3.11. Fomentar iniciativas que introduzan espazos de lectura fácil nos xornais e demais medios de comunicación escrita.</p>	<p>Acción non executada motivada pola demora na aprobación do Plan</p>
<p>3.3.12. Introducir criterios de valoración que teñan en conta o cumprimento dos requisitos de accesibilidade e/ou formación/experiencia do persoal técnico en materia de discapacidade e accesibilidade, nos concursos de licitación en materia multimedia.</p>	<p>Acción non executada motivada pola demora na aprobación do Plan</p>

<p>3.3.13. Promover a introdución de criterios de valoración que teñan en conta o cumprimento dos requisitos de accesibilidade nas convocatorias públicas en relación ao desenvolvemento da Sociedade da Información.</p>	<p>Nº de convocatorias nas que se introducen ditos criterios. 5 Criterios introducidos por convocatoria: En todas as convocatorias inclúese o apartado seguinte "Criterios de accesibilidade: <i>De conformidade co disposto no artigo 4 da Lei 56/2007, do 28 de decembro, de medidas de impulso da sociedade da información, as administracións públicas esixirán que as páxinas da internet cuxo deseño ou mantemento financien total ou parcialmente apliquen, como mínimo, os criterios de accesibilidade ao contido xeralmente recoñecidos.</i></p> <p>A efectos destas convocatorias identifícanse como criterios xeralmente recoñecidos as directrices de accesibilidade definidas polo grupo de traballo permanente Web Accessibility Initiative (WAI), do Consorcio para a World Wide Web (W3C), no seu nivel AA.</p>								
<p>3.3.14. Realizar as adaptacións necesarias do Teléfono da muller para facelo accesible ás persoas con discapacidade auditiva.</p>	<p>Adaptación realizada. Si Nº de atencións efectuadas nesta modalidade. 5</p>								
<p>3.3.15. Mellorar a accesibilidade do centro de xestión de emerxencias 112 para persoas con discapacidade auditiva.</p>	<p>O proxecto REACH 112 (atención a persoas con discapacidade auditiva no 112), no que participa a Axencia Galega de Emerxencias (AXEGA), ten unha serie de fases nas que este Ente empeza a traballar a partir de marzo de 2011, poñendo a disposición as súas instalacións para a realización de probas na atención en emerxencias a persoas con discapacidade auditiva. Ata esa data a actuación da AXEGA centrouse na adaptación dos seus medios. O propio proxecto estableceu en 250 o nº de persoas beneficiarias na fase de probas, sen distinción por sexo.</p>								
<p>3.3.17. Fomentar a implantación de internet de banda larga no medio rural de Galicia, de maneira que as persoas con discapacidade terán máis facilidade de acceso á información, a través de axudas para a extensión de redes de acceso de nova xeración e para a extensión de redes de transporte de alta capacidade en poboación con maior demanda desatendida.</p>	<p>Nº de núcleos de poboación adheridos a banda larga. Un total de 7.685, cuxa distribución por provincias é a seguinte:</p> <table border="0"> <tr> <td>A Coruña</td> <td>531</td> </tr> <tr> <td>Lugo</td> <td>2.090</td> </tr> <tr> <td>Ourense</td> <td>1.516</td> </tr> <tr> <td>Pontevedra</td> <td>3.548</td> </tr> </table>	A Coruña	531	Lugo	2.090	Ourense	1.516	Pontevedra	3.548
A Coruña	531								
Lugo	2.090								
Ourense	1.516								
Pontevedra	3.548								
<p>Obxectivo específico 4. Promover a eliminación de barreiras que limitan o acceso ao contorno físico, medio urbano e transporte das persoas con discapacidade.</p>									
<p>Actuación</p>	<p>Resultados segundo indicadores</p>								
<p>3.4.1. Cofinanciar obras de accesibilidade que leven a cabo os concellos nos edificios públicos municipais.</p>	<p>Non se dispón dos datos. Precísase unha análise polo miúdo de cada proxecto de obra financiado pola Dirección Xeral de Administración Local. Queda pendente ver como tratar isto en próximas anualidades</p>								
<p>3.4.2. Manter a convocatoria anual de subvencións destinadas ao cofinanciamento da prestación de servizos sociais polas corporacións locais, que contempla investimentos de capital para accesibilidade e eliminación de barreiras por parte das corporacións locais.</p>	<p>Nº de subvencións concedidas para accesibilidade e eliminación de barreiras. 4 Orzamento destinado a este concepto. 141.251,65 € Obras nas que se ten en conta a accesibilidade na comunicación: sistemas alternativos e aumentativos da comunicación, sistema pictográfico de signos, braille... Sen datos</p>								

<p>3.4.3. Dar prioridade, no programa da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas dirixido á mellora de contornas urbanas, aos proxectos que impliquen unha mellora cualificada das condicións de accesibilidade (é dicir, priorizar aqueles proxectos nos que se detecta un maior índice de barreiras arquitectónicas cara á súa eliminación).</p>	<p>Nº de proxectos executados con eliminación de barreiras existentes. 7</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Urbanización das Rúas A Mina e Os Carballos, en Cercedo. 2. Acondicionamento de espazo público ,en A Abelleira Muíños. 3. Adecuación Praza da Igrexa de San Xusto e San Pastor, Aviión. 4. Intervención en espazos públicos no Núcleo de Cartelle. 5. Acondicionamento da Praza Pública, contorno castelo medieval e acceso o mesmo, Bolo. 6. Acondicionamento da Praza da Igrexa no núcleo de Doade, Beariz. 7. Urbanización do Campo da Feira, Carral. <p>Orzamento destinado. 1.493.934,00</p> <p>Proxectos nos que se ten en conta a accesibilidade na comunicación: sistemas alternativos e aumentativos da comunicación, sistema pictográfico de signos, braille... . Sen datos.</p>
<p>3.4.4. Establecer subvencións para a adaptación de restaurantes en edificios singulares, núcleos históricos, paraxes e paisaxes naturais aos que non lle sexa de aplicación a normativa actual por contar con licenza de actividade previa.</p>	<p>Nº de axudas concedidas. 1</p> <p><i>Orde do 29 de abril de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para a potenciación do turismo mediante a mellora de establecementos restaurantes en edificios singulares que contén con calquera recoñecemento oficial, núcleos históricos, paraxes e paisaxes naturais de calquera recoñecemento oficial, e se procede a súa convocatoria para o ano 2010 (CT983I). DOG nº 86, do 7 de maio.</i></p> <p>Orzamento destinado. 21.451,95 €</p> <p>Casos nos que se ten en conta a accesibilidade na comunicación: sistemas alternativos e aumentativos da comunicación, sistema pictográfico de signos, braille... Ningún</p>


En resumo:

Segundo se pode comprobar na táboa anterior, das 27 medidas previstas na anualidade 2010 en materia de accesibilidade executáronse 18, o que supón o 66,7% do total programado para dito exercicio na área 3, de accesibilidade.

As actuacións “non executadas” son as seguintes: a 3.1.1., a 3.2.4., a 3.2.6., a 3.2.7., 3.2.8., 3.3.2., 3.3.9, 3.3.11. e 3.3.12.




Gráfico 4. DISTRIBUCIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE PARTICIPANTES POR SEXO. ACTUACIÓNS 3.2.5 e 3.3.3



■ Mulleres ■ Homes

Fonte: elaboración propia a partir dos datos facilitados nas actuacións 3.2.5. e 3.3.3 pola CRTVG e a S.X. de Modernización e Innovación tecnolóxica.

Gráfico 5. DISTRIBUCIÓN DE PERSOAS PARTICIPANTES POR SEXO. ACTUACIÓN 3.2.9



■ Mulleres ■ Homes

Fonte: elaboración propia a partir dos datos facilitados na actuación 3.2.9. pola FEGAS.

4.4 ÁREA 4 PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL.



A área 4 do Plan ten como obxectivo básico promover a autonomía para as persoas con discapacidade e asegurar a súa plena inclusión na vida comunitaria.

Ocupa o terceiro posto das áreas de intervención, despois da área de Accesibilidade e de Formación e Emprego, atendendo ao número de actuacións; conta cun total de 34 medidas, que constitúen o 11,3% do conxunto de medidas do Plan.

As actuacións definidas nesta área diríxense á consecución dos seguintes obxectivos específicos:

1. Facilitar o acceso á vivenda das persoas con discapacidade.
2. Potenciar os recursos que permitan un maior grao de autonomía e de permanencia das persoas no seu contorno habitual.
3. Informar e concienciar a sociedade galega sobre a importancia da autonomía persoal das persoas con discapacidade.
4. Promover e desenvolver a asistencia persoal.

Para o **exercicio 2010** programáronse **22 actuacións** do total establecido no período 2010-2013 nesta área, que debían ser executadas polos seguintes **organismos**: 1) Dirección Xeral de Dependencia e Autonomía Persoal; 2) Universidades; 3) Instituto de Vivenda e Solo; 4) Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado; 5) Secretaría Xeral de Medios; 6) Compañía de Radio Televisión de Galicia; 7) Dirección Xeral de Formación e Colocación; 8) Cermi Galicia.

No cadro que segue infórmase dos resultados acadados para cada unha das actuacións previstas con actividade en 2010.

Area 4 PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL	
Obxectivo específico 1. Facilitar o acceso á vivenda das persoas con discapacidade.	
Actuación	Resultados segundo indicadores
4.1.1. Responder ás necesidades de eliminación de barreiras arquitectónicas en obra existente no Sistema Universitario de Galicia (SUG), segundo dispoñibilidade orzamentaria.	<p>Nº de adaptacións realizadas. 10 Orzamento destinado á eliminación de barreiras. 216.886 € <i>Nota:</i> son datos correspondentes ás tres universidades galegas. No caso da Universidade da Coruña, o orzamento para mellorar a accesibilidade é aproximado, xa que no momento en que se redacta este informe continúan as obras e descoñécese a contía orzamentaria que se consumirá finalmente.</p>
4.1.2. Adecuar o número de habitacións accesibles no Sistema Universitario de Residencias (SUR) á demanda existente.	<p>Nº de habitacións adaptadas. 2 Orzamento destinado. 83.047 € <i>Nota:</i> datos correspondentes só á Universidade de Santiago de Compostela. A Universidade da Coruña non ten residencia universitaria propia, senón concertada, con oito cuartos adaptados. No caso de que a persoa solicitante cumpra os requisitos para ser adjudicataria da axuda ao aloxamento da UDC o sobre custo que asume a universidade é de 195,39 € (IVE incluído) por mes e por o número de meses, que adoitan ser 10; en total 1.953, 9 €.</p>
4.1.3. Aprobar, poñer en marcha e manter un novo programa de aluguer de vivendas na comunidade autónoma, no que as persoas con discapacidade se consideren entre os colectivos prioritarios e os colectivos cualificados.	<p>Publicación da normativa reguladora do programa: A normativa foi publicada no DOG nº 103, do 2 de xuño de 2010: <i>Decreto 84/2010, do 27 de maio, polo que se regula o Programa Aluga, para o fomento do aluguer de vivendas na Comunidade Autónoma de Galicia.</i> Nº de persoas con discapacidade solicitantes. 324 Non se conta en 2010 cos datos por sexo. Está realizada a comunicación correspondente para que o IGVS facilite ese dato desagregado por sexo en próximas anualidades para o seguimento do Plan de galego de discapacidade.</p>
4.1.4. Incorporar aos datos das vivendas que forman parte do Rexistro único de demandantes de vivenda da Xunta de Galicia indicadores do nivel de accesibilidade tanto da propia vivenda como do edificio no que se atopen.	<p>Indicadores incorporados sobre o nivel de accesibilidade no rexistro único de demandantes de vivenda En 2010 procedeuse á revisión dos campos do Rexistro único e incorporouse o seguinte dato como indicador de accesibilidade da vivenda.</p> <ol style="list-style-type: none"> O edificio ten ascensor <p>Esta actuación prevista só para 2010, continuará en 2011 dado que posiblemente se incorporarán novos indicadores de accesibilidade no Rexistro.</p>

Obxectivo específico 2. Potenciar os recursos que permitan un maior grao de autonomía e de permanencia das persoas no seu contorno habitual.	
Actuación	Resultados segundo indicadores
4.2.1. Recoñecer academicamente (coa concesión de créditos) a colaboración nas aulas dos/as estudantes compañeiros/as de alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais, seguindo un protocolo único para o Sistema Universitario de Galicia.	<p>Nº total de alumnos e de alumnas que solicitan ese apoio. Solicitaron un total de 11 persoas, 6 homes e 5 mulleres</p> <p>Nº de casos resoltos. 11 Os datos corresponden ás universidades da Coruña e de Vigo. Na Universidade de Santiago de Compostela está elaborado o protocolo para a o recoñecemento con créditos de libre configuración ou optativos. Aínda que o alumnado con discapacidade matriculado na USC coñece a súa existencia, ningunha persoa solicitou este tipo de apoio. As colaboracións entre compañeiros e compañeiras estanse a desenvolver dunha maneira normalizada (como en calquera outra relación de amizade) e non foi necesario solicitar o recoñecemento académico.</p>
4.2.3. Ampliar o servizo de teleasistencia para chegar a un maior número de persoas usuarias e facelo extensible ás residencias universitarias e centros residenciais docentes.	<p>Nº de novos dispositivos creados. 425 Nº total de servizos de teleasistencia prestados. 4.500</p>
4.2.4. Manter e, no seu caso, aumentar o número de unidades do Servizo galego de transporte adaptado 065 como servizo programado non urgente.	<p>Nº de unidades creadas. 21 Nº total de persoas usuarias. 6.364, 3.106 homes e 3.258 mulleres 48,8%/51,2%</p>
4.2.5. Dar continuidade ao programa Xantar na casa.	<p>No ano 2010 beneficiáronse 1.381 persoas do Programa xantar na casa residentes en 154 concellos. Os datos que se solicitaron a través do Consorcio non están dispoñibles por sexo e por discapacidade. Non obstante, están solicitados eses datos para poder dispor deles en 2011 e seguintes.</p>
4.2.6. Dar continuidade ao programa de pisos tutelados (vivendas con apoio).	<p>Nº total de persoas usuarias con discapacidade. 58; 22 homes e 36 mulleres</p>
4.2.8. Manter o programa de acollemento familiar para facilitar a integración de persoas con discapacidade no seo dunha familia.	<p>Nº total de persoas con discapacidade acolidas. 35; 24 homes e 11 mulleres 68,6%/31,4%</p>
4.2.9. Aumentar o número de prazas en centros de atención diúrna (centros ocupacionais e centros de día), nos que se imparte formación e habilitación para acadar unha inclusión social e potenciar a autonomía das persoas usuarias.	<p>Nº total de prazas en centros de día 2010. 633 Incremento anual de prazas nestes centros. 3,31% Nº total de persoas con discapacidade beneficiarias de centros de día. 612 (contarase cos datos por sexo a partir de 2011). Nº total de prazas en centros ocupacionais. 1.208 Incremento anual de prazas nestes centros. -1,32% Nº total de persoas con discapacidade beneficiarias de centros ocupacionais. 1.224 (contarase cos datos por sexo a partir de 2011)</p>

	<p>Nº total de accións formativas para o emprego impartidos nos centros ocupacionais. 108 *</p> <p>Nº total de horas lectivas das accións formativas. 41038,8 *</p>																																
<p>4.2.9. Aumentar o número de prazas en centros de atención diúrna (centros ocupacionais e centros de día), nos que se imparte formación e habilitación para acadar unha inclusión social e potenciar a autonomía das persoas usuarias. (<i>contin.</i>)</p>	<p>% de horas prácticas en centros de traballo 0,63%*</p> <p>% de persoas con discapacidade usuarias cun plan individualizado de inclusión socio-laboral. 28,91%*</p> <p>% anual de incorporacións ao mercado de traballo. 2,77%*</p> <p>O descenso do número de prazas en centros ocupacionais é debido ao deterioro persoal e aumento do grao de dependencia das persoas usuarias destes dispositivos, que pasan a ocupar prazas en centros de día.</p> <p>*Datos correspondentes a 18 dos 42 centros ocupacionais que financia a Consellería de Traballo e benestar.</p>																																
<p>4.2.10. Proporcionar recursos económicos suficientes para contribuír á cobertura dos gastos relacionados coa permanencia no domicilio habitual.</p>	<p>Nº de persoas beneficiarias da libranza por grao e nivel de dependencia.</p> <table border="1"> <thead> <tr> <th></th> <th>TOTAL</th> <th>H</th> <th>M</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>Grao/nivel I-1:</td> <td>5</td> <td>0</td> <td>5</td> </tr> <tr> <td>Grao/nivel I-2:</td> <td>2</td> <td>1 (50%)</td> <td>1 (50%)</td> </tr> <tr> <td>Grao/nivel II-1:</td> <td>1.993*</td> <td>750 (37,6%)</td> <td>1.242 (62,3%)</td> </tr> <tr> <td>Grao/nivel II-2:</td> <td>3.328</td> <td>1185 (35,6%)</td> <td>2.143 (64,4%)</td> </tr> <tr> <td>Grao/nivel III-1:</td> <td>5.973</td> <td>1.978(33,1%)</td> <td>3.995 (66,9%)</td> </tr> <tr> <td>Grao/nivel III-2:</td> <td>6.822**</td> <td>2.108 (30,9%)</td> <td>4.712 (69,1%)</td> </tr> <tr> <td>TOTAL</td> <td>18.123</td> <td>6.022</td> <td>12.098</td> </tr> </tbody> </table> <p>33,2%H/66,8%M</p> <p>*non consta sexo dunha persoa usuaria</p> <p>**non consta sexo de dúas persoas usuarias</p>		TOTAL	H	M	Grao/nivel I-1:	5	0	5	Grao/nivel I-2:	2	1 (50%)	1 (50%)	Grao/nivel II-1:	1.993*	750 (37,6%)	1.242 (62,3%)	Grao/nivel II-2:	3.328	1185 (35,6%)	2.143 (64,4%)	Grao/nivel III-1:	5.973	1.978(33,1%)	3.995 (66,9%)	Grao/nivel III-2:	6.822**	2.108 (30,9%)	4.712 (69,1%)	TOTAL	18.123	6.022	12.098
	TOTAL	H	M																														
Grao/nivel I-1:	5	0	5																														
Grao/nivel I-2:	2	1 (50%)	1 (50%)																														
Grao/nivel II-1:	1.993*	750 (37,6%)	1.242 (62,3%)																														
Grao/nivel II-2:	3.328	1185 (35,6%)	2.143 (64,4%)																														
Grao/nivel III-1:	5.973	1.978(33,1%)	3.995 (66,9%)																														
Grao/nivel III-2:	6.822**	2.108 (30,9%)	4.712 (69,1%)																														
TOTAL	18.123	6.022	12.098																														
<p>4.2.13. Reforzar a formación continuada do persoal dos Equipos de valoración.</p>	<p>Nº de accións formativas. 8</p> <p>Nº total de horas lectivas. 80</p> <p>Nº total de persoas formadas.</p> <p>245 persoas, das cales 54 foron homes e 191 mulleres.</p> <p>22%/78%</p> <p>Da totalidade de accións formativas para persoal dos equipos de valoración, só unha estivo dirixida aos EVO, con 12 horas lectivas e 25 participantes. O resto de datos sobre formación refírese aos equipos de dependencia.</p>																																
<p>4.2.18. Dar continuidade á convocatoria anual de axudas individuais destinadas á mellora da accesibilidade das vivendas e adquisición de produtos de apoio e axudas técnicas e estender o prazo de solicitudes.</p>	<p>Prazo de solicitude. De 07/04/10 a 07/05/10</p> <p>Nº de solicitudes recibidas. 302</p> <p>Nº de axudas concedidas. 122</p> <p>Orzamento destinado. 175.349,00 €</p>																																
<p>Obxectivo específico 3. Informar e concienciar a sociedade galega sobre a autonomía persoal das persoas con discapacidade.</p>																																	
Actuación	Resultados segundo indicadores																																

<p>4.3.1. Fomentar a través das actuacións propias do departamento administrativo competente en materia de voluntariado (feira de voluntariado, congreso estatal, xornadas, encontros...), as redes sociais entre o propio movemento asociativo cara a reforzar o apoio ás familias das persoas con discapacidade.</p>	<p>As persoas que conforman a Comisión da Muller do Cermei Galicia participan e están integradas na Rede Nacional de Mulleres e a Comisión a nivel autonómica colaborou e participou activamente en xornadas de traballo, seminarios, xuntanzas etc. organizadas a nivel Estatal, onde conta cunha representación.</p>
<p>4.3.1. Fomentar a través das actuacións propias do departamento administrativo competente en materia de voluntariado (feira de voluntariado, congreso estatal, xornadas, encontros...), as redes sociais entre o propio movemento asociativo cara a reforzar o apoio ás familias das persoas con discapacidade. <i>(contin.)</i></p>	<p>A Comisión da Muller da ONCE Galicia celebrou dous actos: acto de Conmemoración do Día da Muller traballadora 2010 e Xornada informativa sobre a inserción no mundo laboral das mulleres con Discapacidade en xuño de 2010. A Federación Down Galicia e as entidades que a integran (sete asociacións e unha fundación) participaron na <i>Feira galega do voluntariado 2010</i>, cun Stand informativo representando ao movemento Down de Galicia. En definitiva, 8 entidades de Down Galicia e 22 de Cogami forman parte destas redes sociais.</p>
<p>4.3.2. Publicar os datos estatísticos relativos ás persoas usuarias do sistema xerado pola Lei de dependencia na Comunidade Autónoma de Galicia.</p>	<p>Actuación non executada</p>
<p>4.3.3. Incluír contidos sobre a importancia da autonomía persoal nas actuacións de sensibilización social sobre persoas con discapacidade que se inclúan neste plan e contribuír a promover un cambio de paradigma na discapacidade.</p>	<p>Contidos/espazos incluídos pola CRTVG</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Nova no programa "Bos Días". 2. Nova no Telexornal Mediodía. 3. Nova no Telexornal Serán. 4. Reportaxe no Telexornal Serán. 5. Exposición no centro Aspanaex. 6. Exposición no centro Aspanas. 7. Nova no programa "Bos Días". 8. Nova no Telexornal Serán". <p>Non se registrou nada por parte da Secretaría Xeral de Medios e da Dirección Xeral de Dependencia e Autonomía Persoal</p>
<p>4.3.4. Destinar recursos a financiar programas orientados a traballar coas familias das persoas con discapacidade, de xeito que estas apoiem e impulsen a promoción da autonomía persoal dos seus fillos e das súas fillas, dando continuidade ás intervencións iniciadas polos programas de atención temperá.</p>	<p>Nº de programas de traballo coas familias financiados. 3 Nº de persoas beneficiarias. 309 Non se dispón deste dato desagregado por sexo.</p>
<p>4.3.5. Promover no medio universitario accións formativas e proxectos de fin de grao relacionados co trato ás persoas con discapacidade, desde a perspectiva da importancia da súa propia autonomía persoal.</p>	<p>UDC-Universidade da Coruña: Nº de accións formativas. 2 Nº de persoas formadas: 58; 18 homes e 40 mulleres. 31%/69% USC-Universidade de Santiago de Compostela. Nº de accións formativas. 4 Nº de persoas formadas. 398; 75 homes e 323 mulleres. 18,8%/82% Organizáronse as seguintes accións formativas, recoñecidas academicamente pola USC: • <i>Diversidade Funcional e Participación Social: Favorecendo o desenvolvemento da vida</i></p>

	<p><i>independente</i> (en liña). Organizada nunha plataforma de e-learning que cumpría os parámetros da W3C, cun nivel de accesibilidade de AAA, igual que o resto da documentación utilizada. Participaron 30 persoas: 11 homes e 19 mulleres (cubriendo o total de prazas, con case 130 solicitudes). Prioridade: persoas con discapacidade.</p>
<p>4.3.5. Promover no medio universitario accións formativas e proxectos de fin de grao relacionados co trato ás persoas con discapacidade, desde a perspectiva da importancia da súa propia autonomía persoal. (<i>contin.</i>)</p>	<ul style="list-style-type: none"> • <i>Xornadas para a promoción e divulgación das actividades para ecuestres: Unha nova maneira de integración a través do deporte.</i> Participaron 15 persoas: 3 homes e 12 mulleres. • <i>Integración Social e Discapacidade: Programa Special Olympics Xacobeo 2010.</i> Participaron 101 persoas, 19 homes e 82 mulleres. • <i>Curso de formación básica en voluntariado organizado todos os anos.</i> Contén un módulo sobre atención á diversidade. Participaron 252 persoas, das que 41 eran homes.

Obxectivo específico 4. Promover e desenvolver a asistencia persoal.

Actuación	Resultados segundo indicadores
<p>4.4.1. Dar continuidade á prestación para contribuír á cobertura dos gastos derivados da contratación dun/unha asistente persoal que facilite o acceso á educación e/ou ao traballo, así como promover unha maior autonomía no exercicio das actividades da vida diaria –AVD ás persoas en situación de gran dependencia (Prestación do sistema para a autonomía e atención a dependencia).</p>	<p>Nº de persoas beneficiarias da libranza de asistente persoal. 45 persoas; 24 homes e 21 mulleres. 53,3%/46,7%</p>
<p>4.4.2. Estender a figura do/a asistente persoal ao Grao II.</p>	<p>Nº de persoas que teñen recoñecida a situación de dependencia no grao II e que acceden ao servizo de asistencia persoal. 7 persoas; 3 homes e 4 mulleres 42,9%/57,1%</p>
<p>4.4.4. Potenciar as convocatorias para o recoñecemento, avaliación, acreditación e certificación da competencia profesional nas cualificacións da familia profesional vinculada coa atención sociosanitaria a persoas no domicilio (asistente persoal, cuidador/a, xerocultor/a ou semellante, auxiliar de axuda domicilio).</p>	<p>Acción non executada en 2010</p>


En resumo:

Segundo os resultados comentados, das 22 medidas previstas quedaron dúas sen actividade en 2010, o que supón o 90,9% de nivel de execución na área 4 de Promoción da Autonomía Persoal. As actuacións consideradas, pois, como “non executadas” son: a 4.4.4. e a 4.3.2.

Aos contidos sinalados na anterior táboa de resultados cómpre engadir unha información de interese procedente da Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación. Esta Dirección Xeral comprometeuse a "considerar nas axudas á investigación convocadas no marco do Plan de I+D+I unha liña específica de actuación relativa á innovación en materias relacionadas coa promoción da autonomía persoal das persoas con discapacidade, considerando a perspectiva de xénero". Correspóndese esta medida coa actuación 4.2.16, programada para a anualidade 2011 e seguintes.


Non obstante, é importante sinalar que o Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día 23 de decembro de 2010, aprobou o Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento 2011-2015. O Plan contempla no **Eixo estratéxico 8: Programas Sectoriais**, a liña de actuación 8.1: **Saúde** que recolle, entre outros, a área de Servizos Sociais e Dependencia, na que se indica: "co obxecto de desenvolver un sistema galego de servizo sociais capaz de dar resposta ás demandas da sociedade e de mellorar a calidade de vida das persoas dependentes, é preciso favorecer e motivar aos distintos axentes deste sector para que fagan unha aposta decidida pola intensificación da innovación na súa actividade, tanto no que se refire á prestación dos servizos asistenciais principais como, e de xeito moi especial, nos sectores de apoio (como poden ser produtos nutricionais, mobiliario, equipamento técnico, aplicacións telemáticas, sistemas de transporte adaptado, ortopedia etc)".

Gráfico 6. DISTRIBUCIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE PARTICIPANTES POR SEXO. ACTUACIÓNS 4.2.4, 4.2.6, 4.2.8, 4.2.10, 4.4.1,4.4.2.




Fonte: elaboración propia a partir dos datos facilitados nas actuacións 4.2.4, 4.2.6, 4.2.8, 4.2.10, 4.4.1. e 4.4.2. pola D. X. de Dependencia e Autonomía Persoal

Gráfico 7. DISTRIBUCIÓN DE PERSOAS DOS EVO PARTICIPANTES POR SEXO. ACTUACIÓN 4.2.13.



Fonte: elaboración propia a partir dos datos facilitados na actuación 4.2.13 pola D. X. de Dependencia e Autonomía Persoal

Gráfico 8. DISTRIBUCIÓN DE PERSOAS PARTICIPANTES (UNIVERSIDADE) POR SEXO. ACTUACIÓNS 4.2.1 e 4.3.5



Fonte: elaboración propia a partir dos datos facilitados nas actuacións 4.2.1 e 4.3.5 polas universidades.

4.5 ÁREA 5 EDUCACIÓN.

A área de educación configúrose coa finalidade de garantir unha educación infantil, primaria, secundaria e post-obrigatoria de calidade nun marco integrador e normalizador, favorecendo a súa calidade e carácter público.

Este obxectivo levou ao deseño de medidas moi diversas para conseguir os seguintes obxectivos de carácter máis específico:

1. Revisar, adaptar e garantir a aplicación da normativa existente en materia de educación cara a unha efectiva inclusión escolar das persoas con discapacidade.
2. Facilitar a coordinación efectiva entre todos os axentes implicados no proceso educativo do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
3. Formar e capacitar aos/ás profesionais do sistema educativo para unha atención normalizadora, inclusiva-integradora, do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
4. Garantir un ensino básico ao alumnado con necesidades específicas derivadas de discapacidade e de trastornos graves de conduta, nas mesmas condicións de igualdade que o resto de alumnado.
5. Procurar unha educación post-obrigatoria que prepare para a vida e para a incorporación ao mundo laboral.
6. Facilitar ás persoas adultas con necesidades derivadas de discapacidade e trastornos graves de conduta unha educación permanente de calidade, que responda ás súas necesidades de inclusión na comunidade e facilite a súa vida autónoma.

Esta área contempla un total de 28 medidas para o período 2010-2013, das que **23 tiñan actividade programada en 2010** a cargo dos seguintes **departamentos**: 1) Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa; 2) Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos; 3) Universidades.

Sobre o seu resultado infórmase na seguinte táboa resume, elaborada a partir da información facilitada polos departamentos antes mencionados, respecto da súa actividade durante 2010 e en base aos indicadores de realización contemplados no Plan de acción.

Area 5 EDUCACIÓN	
<p>Obxectivo específico 1. Revisar, adaptar e garantir a aplicación da normativa existente en materia de educación cara a unha efectiva inclusión escolar das persoas con discapacidade.</p>	
Actuación	Resultados segundo indicadores
<p>5.1.3. Elaborar e publicar o currículo das ensinanzas de formación profesional de forma que se considere a accesibilidade universal nestas ensinanzas.</p>	<p>Nº de currículos publicados. Publicáronse 28 currículos de ciclos formativos.</p>
<p>5.1.4. Elaborar e publicar o decreto de ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, no que se teña en conta a accesibilidade universal nestas ensinanzas.</p>	<p>Decreto publicado. Publicouse o <i>Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia</i> (DOG nº 131, do 12 de xullo). Segundo dito decreto:</p> <ul style="list-style-type: none"> - A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderá realizar ofertas formativas dirixidas a persoas con discapacidade. - Será posible a esixencia de requisitos aos centros onde se impartan ensinanzas de formación profesional para dispor das condicións de calquera tipo que posibiliten o acceso, a circulación e a comunicación das persoas con discapacidade. - Nas ensinanzas de FP prestaráselles unha atención adecuada ás persoas con discapacidade, no relativo ás condicións de accesibilidade e cos recursos de apoio necesarios en cada caso. - Elevar a rango de decreto os aspectos regulados nas distintas ordes de desenvolvemento, admisión e avaliación de ciclos formativos relativos á flexibilización, acceso, matrícula e accesibilidade universal.
<p>5.1.5. Estudar a situación actual da diversidade na rede de centros educativos para a identificación de necesidades e planificación de actuacións.</p>	<p>Estudo realizado. Si</p>
<p>Obxectivo específico 2. Facilitar a coordinación efectiva entre todos os axentes implicados no proceso educativo do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.</p>	
Actuación	Resultados segundo indicadores
<p>5.2.1. Diseñar e establecer protocolos de actuación/colaboración entre o ensino obrigatorio e o post-obrigatorio e universitario, que posibilita unha actuación coordinada de todos os axentes implicados no proceso educativo do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.</p>	<p>Actuación a realizar conxuntamente polos departamentos implicados: Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa e as tres universidades galegas.</p> <p>Non se executou por demora na aprobación do Plan. Non obstante, cabe sinalar que no marco do Programa A Ponte entre o Ensino Medio e a Universidade de Santiago de Compostela, o persoal técnico do Servizo de Participación e Integración Universitaria (responsable da Área de Integración) presentou en centros de ensino medio de Galicia (persoal directivo e de orientación), as actuacións da USC para a normalización da vida dos e das estudantes con NEE durante o seu percorrido académico.</p>



<p>5.2.1. Deseñar e establecer protocolos de actuación/colaboración entre o ensino obrigatorio e o post-obrigatorio e universitario, que posibilite unha actuación coordinada de todos os axentes implicados no proceso educativo do alumnado con necesidade específica de apoio educativo. (contin.)</p>	<p>Pola súa parte, a Universidade da Coruña estableceu contactos con persoal de orientación da ensinanza secundaria ao longo de 2010.</p>
<p>5.2.3. Establecer convenios con entidades que participan na atención ao alumnado con determinadas discapacidades ou trastornos.</p>	<p>Nº de convenios establecidos. 1</p>
<p>5.2.4. Crear un grupo de traballo interuniversitario que se ocupe do deseño, posta en marcha e seguimento de accións en materia de discapacidade/diversidade/accesibilidade tanto daquelas especificamente dirixidas ao alumnado con discapacidade e ao propio persoal docente, como as relacionadas coa investigación-coñecemento neste ámbito.</p>	<p>Actuación non executada por demora na aprobación do Plan</p>

Obxectivo específico 3. Formar e capacitar aos/ás profesionais do sistema educativo para unha atención normalizadora, inclusiva-integradora, do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Actuación	Resultados segundo indicadores
<p>5.3.1. Incluír contidos relativos á educación para a diversidade e á educación inclusiva do alumnado, baseados nos principios da Lei Orgánica de Educación (LOE) e da Convención de Nacións Unidas sobre os dereitos das persoas con discapacidade, así como a elaboración de materiais accesibles, nos plans de formación dirixidos a toda a comunidade educativa profesional.</p>	<p>Nº de cursos/módulos incluídos. 14 Nº total de horas lectivas. 331 Nº total de persoas participantes. 712</p>
<p>5.3.2. Potenciar actividades formativas (grupos de traballo, seminarios permanentes e proxectos de formación e asesoramento en centros) que aborden temáticas relacionadas coa escola inclusiva na formación en centros, incluída a elaboración de materiais accesibles.</p>	<p>Nº de actividades formativas. 43 Nº de horas lectivas. 1.930 Nº de persoas participantes. 645; 206 homes; 439 mulleres 31,9%/68,1%</p>
<p>5.3.3. Considerar como un criterio máis de valoración nos concursos de méritos de persoal docente a formación e a capacitación do profesorado sobre inclusión educativa.</p>	<p>Nº total de concursos na anualidade de referencia. 1 Nº de concursos que inclúe dito criterio. 1</p>

Obxectivo específico 4. Garantir un ensino básico ao alumnado con necesidades específicas derivadas de discapacidade e de trastornos graves de conduta, nas mesmas condicións de igualdade que o resto de alumnado.

Actuación	Resultados segundo indicadores
<p>5.4.1. Realizar as adaptacións pertinentes para que o alumnado con discapacidade poida realizar as probas da avaliación de diagnóstico.</p>	<p>Non se realizaron adaptacións porque non tiveron lugar as probas de avaliación de diagnóstico. Polo tanto, tampouco se pode dar resposta ao segundo indicador desta actuación (nº de alumnos e de alumnas con discapacidade que realizan probas)</p>
<p>5.4.2. Dar continuidade aos Premios extraordinarios da educación secundaria obrigatoria, especialmente na modalidade de premio extraordinario ao esforzo e superación persoal de alumnado.</p>	<p>Nº total de premios concedidos. 20 Nº de alumnos e de alumnas con discapacidade premiados/as. Un total de 8; 4 homes e 4 mulleres.</p>

5.4.3. Manter a convocatoria de axudas para a adquisición de libros de texto, materiais curriculares e material didáctico e complementario destinadas ao alumnado matriculado en centros sostidos con fondos públicos.	Nº de axudas concedidas para esta finalidade a alumnado matriculado en educación especial. 1.234 Contía total das axudas concedidas a alumnado con necesidades educativas especiais na anualidade de referencia. 308.500,00 €
5.4.4. Manter a convocatoria de axudas a centros privados concertados para a atención a alumnado con necesidades educativas especiais.	Nº total de axudas concedidas para esta finalidade, na anualidade de referencia. 40 Orzamento total destinado, na anualidade de referencia. 196.604,97 €
5.4.5. Dar continuidade ao concerto educativo cos centros concertados específicos de atención específica de alumnado con necesidades educativas especiais e os centros ordinarios con unidades escolares específicas para a atención do alumnado con necesidades educativas especiais.	Nº de concertos con centros específicos de educación especial. 97 Nº de concertos con centros que contan con aulas concertadas de educación especial. 56 Orzamento total destinado a esta finalidade, na anualidade de referencia. 11.600.000,00 € Trátase de unidades non do número de centros educativos concertados, polo que nun centro docente poden concertarse varias unidades. A primeira cifra (97) corresponde a unidades (de alumnado con discapacidade psíquica, autismo ou plurideficiencias) en centros de educación especial; a segunda (56) refírese ás unidades concertadas en centros que imparten distintas ensinanzas. Así, o total de unidades desta natureza concertadas en centros privados da Comunidade Autónoma de Galicia é de 153.
5.4.6. Promover que o profesorado sexa o máis permanente posible nos centros nos que se escolarice alumnado con necesidade específica de apoio educativo.	Nº de docentes que permanecen un mínimo de dous anos en centros nos que hai alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Anualmente convócase concurso de provisión de postos coa finalidade de que este alumnado teña un profesorado estable. No ano 2010 convocáronse 25 prazas, en comisión de servizos, por <i>Orde do 11 de maio de 2010 pola que se convoca concurso de méritos específico entre persoal funcionario de carreira do corpo de mestres para cubrir, en réxime de comisión de servizos, postos de escolarización a alumnado de atención preferente</i> (DOG nº 95, do 21 de maio).

Obxectivo específico 5. Procurar unha educación post-obrigatoria que prepare para a vida e para a incorporación ao mundo laboral.

Actuación	Resultados segundo indicadores
5.5.1. Diseñar ofertas específicas de programas de cualificación profesional inicial (PCPI) para facilitar a integración social e laboral do alumnado con necesidades educativas especiais.	Nº de ofertas específicas de PCPI deseñadas para alumnado con necesidades educativas especiais. 9 Cómpre lembrar que moitos dos alumnos e alumnas con n.e.e. que cursan PCPI están integrados en grupos ordinarios coas medidas educativas necesarias
5.5.2. Continuar e reforzar os traballos para garantir a accesibilidade dos contidos e servizos ofrecidos pola Universidade.	Nº total de consultas atendidas de maneira presencial. 37. Este dato resulta da agregación de datos de consultas presenciais das tres universidades galegas. Nº total de consultas atendidas por teléfono. Non se rexistran datos ao respecto. No caso da USC sinálase que reciben chamadas de:

<p>5.5.2. Continuar e reforzar os traballos para garantir a accesibilidade dos contidos e servizos ofrecidos pola Universidade. (<i>contin.</i>)</p>	<ul style="list-style-type: none"> - centros de secundaria, do persoal de orientación ou dos equipos directivos (un mínimo de 4). - estudantes (un mínimo de tres e de diferentes titulacións), ademais das persoas atendidas de maneira presencial e que poden ter máis dúbidas, como é o caso dun alumno con trastorno obsesivo compulsivo. - de carácter interno, procedentes de diferentes facultades que reciben consultas (por exemplo sobre a solicitude de información por parte de pais e nais dun/ha posible alumno/a con discapacidade para o vindeiro curso). <p>Nº total de consultas Web. 44 Este dato resulta da suma do número de consultas web da UDC e de UVIGO. A USC non realizou rexistro en 2010. Non obstante, informa da existencia dun perfil en facebook dedicado a temas de accesibilidade http://www.facebook.com/sepiu.integracionscq no que se colga información de interese e no que hai 257 persoas agregadas.</p>
<p>5.5.3. Dar continuidade e reforzar os programas de apoio personalizado dentro da Universidade, vencellados a un programa de obxectivos tamén personalizado.</p>	<p>UDC- Universidade da Coruña Nº de estudantes beneficiarios/as de programas de apoio personalizado. 6; 2 homes e 4 mulleres 33,3%/66,6% Nº total de estudantes que demandan servizos de apoio. 9; 4 homes e 5 mulleres 44,4%/55,6%</p> <p>USC- Universidade de Santiago de Compostela Nº de estudantes beneficiarios/as de programas de apoio personalizado. 2; 2 mulleres. Nº total de estudantes que demandan servizos de apoio. 15; 2 homes e 13 mulleres 13,3%/86,7%</p> <p>UVIGO- Universidade de Vigo Nº de estudantes beneficiarios/as de programas de apoio personalizado. 5; 4 homes e 1 muller 80%/20% Nº total de estudantes que demandan servizos de apoio 5; 4 homes e 1 muller. 80%/20%</p> <p>TOTAL Nº de estudantes beneficiarios/as de programas de apoio personalizado. 13; 6 homes e 7 mulleres 46,2%/53,8% Nº total de estudantes que demandan servizos de apoio. 29; 10 homes e 19 mulleres 34,5%/65,5%</p>

<p>5.5.4. Continuar e estender ás tres universidades o programa de prácticas laborais para persoas con discapacidade.</p>	<p>Nº total de persoas que realizan prácticas laborais. Un home. En 2010 só se conta con datos da USC, a única universidade con este sistema de prácticas implantado. Non obstante, cómpre aclarar que a formación das persoas que realizan prácticas nos servizos da USC non corre a cargo da universidade, senón que depende dos programas organizados pola Fundación Down Galicia e o Programa Inserta.</p>
<p>Obxectivo específico 6. Facilitar ás persoas adultas con necesidades derivadas de discapacidade e trastornos graves de conduta unha educación permanente de calidade, que responda ás súas necesidades de inclusión na comunidade e facilite a súa vida autónoma.</p>	
<p>Actuación</p>	<p>Resultados segundo indicadores</p>
<p>5.6.1. Adaptar os materiais didácticos e recursos para o logro dos obxectivos educativos.</p>	<p>Nº total de persoas usuarias dos centros de educación de persoas adultas que requiriron adaptación: 13 persoas; 4 homes e 9 mulleres. 30,8%/69,2%</p> <p>Esta é a súa distribución segundo o tipo de discapacidade e adaptación realizada: Discapacidade auditiva: 3 mulleres (19, 18 e 19 anos). Intérprete de linguaxe de signos. Parálise cerebral. 1 muller (20 anos). Unha persoa acompañante toma apuntes de clases etc. Adaptación exames. 1 muller (30 anos). Adaptación de todos os materiais ao uso do ordenador adaptado. Claustrofobia. 2 mulleres (de 18 e 19 anos). Exames en lugares abertos, sen presenza doutras persoas. Discapacidade visual. 1 home (de 18 anos) e 2 mulleres (de 18, 19 anos). Adaptación dos materiais con maior tamaño de letra. Discapacidade intelectual: 3 homes (de 18, 19 e 19 anos). Ampliación do tempo de exames, adaptación da formulación das preguntas. NOTA: datos correspondentes ao curso 2010-2011</p>
<p>5.6.2. Dar continuidade, e reforzar se procede, ao cumprimento de adaptación das probas libres para obtención do título de graduado en Educación Secundaria Obrigatoria para persoas que presentaren necesidades educativas especiais e que o soliciten.</p>	<p>Nº de persoas con discapacidade que acceden ás probas. 4; 3 homes e 1 muller. 75%/25%</p> <p>Nº de persoas que precisaron de adaptación das probas. 4; 3 homes e 1 muller. 75%/25%</p>
<p>5.6.3. Dar continuidade á autorización para cursar ensinanzas de persoas adultas ao alumnado menor de 18 anos por necesidades educativas especiais.</p>	<p>Nº persoas autorizadas. 2; 2 homes.</p>
<p>5.6.4. Apoiar realización de actividades de alfabetización a persoas con necesidades educativas especiais, a través da convocatoria de axudas.</p>	<p>Nº de axudas solicitadas. 4 Nº de axudas concedidas con esa finalidade. Ningunha. Nº de persoas con discapacidade beneficiarias. Ningunha. Cómpre sinalar que as axudas solicitadas non foron concedidas por non cumprir os requisitos da convocatoria.</p>


En resumo:

Atendendo á información reflectida no cadro anterior, o Plan de discapacidade tivo actividade en 20 das 23 medidas programadas; en consecuencia, estase a falar na área de Educación dun nivel de execución de arredor do 87% no exercicio 2010.

As actuacións consideradas como “non executadas” son: a 5.2.1, a 5.2.4. e a 5.4.1.

Non obstante, cabe realizar unha importante aclaración respecto desta última. Se se atende ao enunciado mesmo da actuación, *Realizar as adaptacións pertinentes para que o alumnado con discapacidade poida realizar as probas da avaliación de diagnóstico*, dedúcese que a actuación como tal está supeditada á realización das probas de avaliación de diagnóstico; se estas non se realizan as adaptacións non poden ter lugar.


Gráfico 9. DISTRIBUCIÓN DE PERSOAS PARTICIPANTES (ALUMNADO UNIVERSITARIO CON NEE) POR SEXO. ACTUACIÓN 5.5.3



■ Mulleres ■ Homes

Fonte: elaboración propia a partir dos datos facilitados na actuación 5.5.3 polas universidades.

Gráfico 10. DISTRIBUCIÓN DE PERSOAS PARTICIPANTES (ALUMNADO CON NEE) POR SEXO. ACTUACIÓN 5.4.2, 5.6.1, 5.6.2, 5.6.3



■ Mulleres ■ Homes

Fonte: elaboración propia a partir dos datos facilitados nas actuacións 5.4.2, 5.6.1, 5.6.2 e 5.6.3 pola D.X de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

4.6 ÁREA 6 FORMACIÓN E EMPREGO.

A área 6, de Formación e Emprego, é a única que inclúe dous obxectivos xerais, que se centran, precisamente, nas dúas vertentes que figuran no nome mesmo de área: formación e emprego.

No primeiro caso, o obxectivo final é formar as persoas con discapacidade para a súa axeitada incorporación ao mercado laboral. Para iso, trabállase cara a:

1. Favorecer unha formación de calidade adaptada ás necesidades reais de formación das persoas con discapacidade e ao mercado laboral.
2. Promover as prácticas de carácter non laboral na empresa ordinaria.

No segundo caso, o obxectivo é mellorar a empregabilidade e a calidade do emprego das persoas con discapacidade, combatendo activamente a súa discriminación. As actuacións a desenvolver perseguirán os seguintes obxectivos específicos:

1. Promover o acceso e mellorar a empregabilidade e a adaptación do posto de traballo das persoas con discapacidade no sector público.
2. Promover o acceso e mellorar a empregabilidade e a adaptación do posto de traballo das persoas con discapacidade no sector privado.
3. Apoiar o emprego protexido, especialmente desde a administración Pública.

Cun total de 46 actuacións, esta área de intervención contén o 15,6% de medidas do Plan considerado no seu conxunto (a segunda área en volume de actuacións despois da área de accesibilidade). Destas, **32 medidas** estaban **programadas para 2010**.

Os **departamentos** directamente implicados durante a primeira anualidade de vixencia do Plan foron os seguintes: 1) Dirección Xeral de Formación e Colocación; 2) Dirección Xeral de Promoción do Emprego; 3) Dirección Xeral de Relacións Laborais; 4) Dirección Xeral de Dependencia e Autonomía Persoal; 5) Escola Galega de Administración Pública-EGAP, 6) Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria-FEGAS; 7) Dirección Xeral de Xustiza; 8) Dirección de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde; 9) Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

Aos departamentos citados hai que engadir o resto de departamentos da Xunta de Galicia (incluíndo as secretarías xerais técnicas de todas as consellerías), xa que unha das actuacións desta área afecta a toda a Xunta de Galicia, a 6.4.6.: *Incluír medidas de fomento de inserción laboral de persoas con discapacidade nos pregos de cláusulas administrativas particulares dos expedientes de contratación da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia*; unha das

medidas transversais máis destacadas, en canto que todos os departamentos son, neste caso, responsables executores.

Infórmase na seguinte táboa resumo sobre os resultados acadados nesta área, elaborada a partir da información facilitada polos departamentos antes mencionados, respecto da súa actividade durante 2010 e en base aos indicadores de realización contemplados no Plan de acción.

Area 6 FORMACIÓN E EMPREGO	
Obxectivo específico 1. Favorecer unha formación de calidade adaptada ás necesidades reais de formación das persoas con discapacidade e ao mercado laboral.	
Actuación	Resultados segundo indicadores
6.1.1. Dar continuidade ás liñas de axudas para a formación de persoas con discapacidade desenvolvidas a través de convenios coas entidades do movemento asociativo de discapacidade.	Nº de convenios. 2 Orzamento destinado. 996.016 €
6.1.2. Fixar como un dos colectivos prioritarios en todas as ordes de subvención ás persoas con discapacidade.	Nº (total) de ordes de subvencións. 7 Nº de ordes de subvencións, nas que as persoas con discapacidade son colectivo prioritario. 6
6.1.3. Dotar aos centros propios de formación da Consellería de Traballo e Benestar de equipamento adaptado ás persoas con discapacidade.	Adaptacións realizadas en 2010. <ol style="list-style-type: none"> 1. Centro Nacional FPO Santiago: implantación dun kit de equipamento informático adaptado a persoas con discapacidade. 2. CIFP Sta. María de Europa-Ourense: implantación dun kit de equipamento informático adaptado a persoas con discapacidade. 3. Centro FPO Coia - Vigo: implantación dun kit de equipamento informático adaptado a persoas con discapacidade. 4. Centro FPO Bueu: implantación dun kit de equipamento informático adaptado a persoas con discapacidade. 5. Centro FPO Ferrol: implantación dun kit de equipamento informático adaptado a persoas con discapacidade. 6. Centro FPO de Lugo: implantación dun kit de equipamento informático adaptado a persoas con discapacidade. 7. Centro FPO de Viveiro: implantación dun kit de equipamento informático adaptado a persoas con discapacidade. 8. Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia (Santiago): implantación dun kit de equipamento informático adaptado a persoas con discapacidade. 9. UAF Ames: implantación dun kit de equipamento informático adaptado a persoas con discapacidade. 10. UAF Negreira: implantación dun kit de equipamento informático adaptado a persoas con discapacidade.

<p>6.1.3. Dotar aos centros propios de formación da Consellería de Traballo e Benestar de equipamento adaptado ás persoas con discapacidade. (<i>contin.</i>)</p>	<p>11. UAF Melide: implantación dun kit de equipamento informático adaptado a persoas con discapacidade. Adaptación do edificio á normativa vixente de accesibilidade.</p> <p>12. UAF Monforte: implantación dun kit de equipamento informático adaptado a persoas con discapacidade.</p> <p>Orzamento destinado. 10.000 €</p>
<p>6.1.5. Elaborar unha guía de boas prácticas para a impartición de formación dirixida a persoas xordas.</p>	<p>Guía elaborada. Si Publicada na web da Consellería de Traballo e Benestar a principios de 2010 e remitido o enlace aos case 900 centros colaboradores da Consellería.</p>
<p>6.1.6. Manter a prioridade das persoas con discapacidade como participantes nos programas mixtos de formación e emprego.</p>	<p>Nº de persoas con discapacidade participantes. Un total de 169; 111 homes e 58 mulleres 65,7%/34,3%</p>
<p>6.1.8. Promover a creación da categoría profesional de orientador/a laboral na Xunta de Galicia.</p>	<p>Solicitud realizada á D.X. de Función Pública. Si</p>
<p>6.1.9. Levar a cabo o mantemento evolutivo da aplicación informática de orientación laboral e crear canles de comunicación entre profesionais de orientación do Servizo Público de Emprego de Galicia cara á inclusión de melloras relacionadas coa derivación de persoas usuarias entre entidades especializadas en atención a determinados colectivos, preferentemente con discapacidades físicas, psíquicas ou sensoriais e os demais servizos existentes.</p>	<p>Nº de novas funcionalidades desenvolvidas. 1 Nº de melloras das funcionalidades existentes. 1</p>
<p>6.1.10. Asignar unha contía superior no caso da inserción laboral de persoas con discapacidade en situación de desemprego na orde de programas integrados para o emprego, como compensación ao esforzo engadido de inserción que isto supón.</p>	<p>A Orde de 29 de marzo de 2010, pola que se convocan as devanditas axudas (DOG nº 65, do 8 de abril), non establece ningunha contía superior cando se trata da inserción laboral de persoas con discapacidade. Polo tanto, actuación non executada.</p>
<p>6.1.11. Impulsar os programas de teleformación e a distancia nos plans de formación profesional ocupacional existentes para favorecer, sobre todo, ás persoas con dificultades para acceder na modalidade presencial.</p>	<p>Nº de cursos de teleformación realizados. 100 Nº total de persoas con discapacidade formadas nesta modalidade. 89; 39 homes e 50 mulleres 43,8%/56,2%</p>
<p>6.1.12. Dar continuidade ao programa de accións formativas para persoas desempregadas –AFD, de forma que se axusten á realidade das persoas con discapacidade para posibilitarlles a súa realización efectiva.</p>	<p>Nº de cursos de AFD nos que participan persoas con discapacidade (graio igual ou superior ao 33%). 429 Nº total de persoas con discapacidade inscritas. 389; 221 homes e 168 mulleres. 56,8%/43,2% Nº total de persoas con discapacidade formadas por sexo. 279; 160 homes e 119 mulleres. 57,3%/42,7%</p>
<p>6.1.13. Reforzar as vías de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Consellería de Traballo e Benestar cara a conseguir unha maior coordinación entre o persoal técnico de ambas consellerías e facilitar a orientación cara á súa formación ocupacional ou post-obrigatoria e o acceso ao primeiro emprego ao remate dos estudos regrados.</p>	<p>Elaboración e posta en marcha dun protocolo de actuación entre ambas consellerías. Actuación non executada por demora na aprobación do Plan.</p>

<p>6.1.14. Reforzar a realización de cursos de formación con compromiso de contratación das persoas formadas.</p>	<p>Nº de accións formativas con compromiso de contratación. 79 Nº de persoas con discapacidade formadas. 1 home Nº de persoas con discapacidade contratadas. 1 home</p>
<p>6.1.15. Potenciar a avaliación e acreditación da experiencia laboral ou de vías non formais de formación, como posibles fórmulas de integración no mercado laboral das persoas con discapacidade.</p>	<p>En 2010 non houbo ningunha convocatoria</p>
<p>6.1.16. Recoller, dentro do portal xeral de información e orientación profesional, toda a información específica para persoas con discapacidade (oferta formativa, condición de acceso...) adaptada, na medida do posible, ás distintas tipoloxías de discapacidade.</p>	<p>En 2010 iniciouse o proceso de axuste do portal xeral de información da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, no que se ofrece información sobre diversos temas de interese para profesorado, alumnado, familias, centros e empresas (ver http://www.edu.xunta.es/web/families) A información relacionada coa atención ás persoas con discapacidade está incluída nos enlaces temáticos de atención á diversidade e orientación, seguindo a terminoloxía que se emprega na Lei orgánica 2/2006 e na diversa normativa que a desenvolve, na que non se utilizan con carácter específico as tipoloxías, senón que se atende ao alumnado, tendo en conta a súa diversidade en canto a competencias e necesidades, aplicando os principios de normalización e inclusión educativa. Non obstante, ante a atención personalizada considéranse diferentes tipoloxías segundo as capacidades e discapacidades ou necesidades específicas que requiren de medidas complementarias de reforzo ou de apoio educativo. Continúase co proceso en 2011, anualidade na que se procederá coa elaboración e axuste do novo portal educativo http://www.edu.xunta.es/web/innovacion</p>
<p>6.1.17. Reforzar a adaptación da formación profesional ao mercado laboral do momento, incidindo naquelas profesións con máis saídas laborais e que se correspondan con perfís que poidan desempeñar as persoas con discapacidade, a través da actualización do anexo correspondente en cada convocatoria anual do programa de accións formativas para persoas desempregadas –AFD.</p>	<p>Actualización anual do anexo correspondente. Si</p>

Obxectivo específico 2. Promover as prácticas de carácter non laboral na empresa ordinaria.

Actuación	Resultados segundo indicadores
<p>6.2.1. Manter o compromiso de prácticas profesionais non laborais como criterio de valoración nas ordes de subvención de formación dirixidas prioritariamente a persoas desempregadas.</p>	<p>Nº de accións formativas con compromiso de prácticas profesionais non laborais. 200 Nº de persoas con discapacidade que realizaron prácticas profesionais. Un total de 250 persoas. En canto á distribución por sexo, sen contar cos datos desagregados na súa totalidade, pódese falar de 111 homes e 103 mulleres (atendendo aos casos en que está rexistrado o sexo, 214 do total de 250).</p>

<p>6.2.1. Manter o compromiso de prácticas profesionais non laborais como criterio de valoración nas ordes de subvención de formación dirixidas prioritariamente a persoas desempregadas. (contin.)</p>	<p>É dicir, segundo os datos dispoñibles por sexo, a distribución porcentual é: 51,9%/48,1% Nº de persoas con discapacidade contratadas. A Dirección Xeral de Formación e Colocación non pode facilitar o dato do número de alumnos ou alumnas con discapacidade que realizaron as prácticas profesionais e que logo foron contratados.</p>
<p>6.2.2. Reforzar os convenios coas organizacións empresariais para facilitar o acceso ás prácticas non laborais nos centros de traballo ordinario.</p>	<p>Nº de convenios asignados por ano. 158</p>
<p>6.2.3. Establecer convenios de colaboración para a realización do módulo de formación en centros de traballo – FCT, de forma que se garanta a inclusión e cumprimento das adaptacións necesarias no caso de alumnado con necesidades educativas especiais.</p>	<p>Nº de convenios asinados. Nº total de alumnos e alumnas participantes. Nº de alumnos e de alumnas participantes con discapacidade. O número de convenios é indeterminado xa que non é obrigatorio declarar a discapacidade. No seguro de FCT inclúese especificamente ao alumnado con nee por discapacidade intelectual e/ou motora nas mesmas condicións que o resto de alumnado mentres realizan o módulo de prácticas (FCT). Realizaranse as xestións oportunas desde o Grupo Coordinador de Seguimento e Avaliación do Plan de discapacidade coa Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación educativa, para recoller debidamente os resultados desta actuación a partir de 2011.</p>

Obxectivo específico 3. Promover o acceso e mellorar a empregabilidade e a adaptación do posto de traballo das persoas con discapacidade no sector público.

Actuación	Resultados segundo indicadores
<p>6.3.4. Manter a cota do 5% dos postos de cada lista para persoas cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 33% para o nomeamento do persoal interino dos corpos xerais ao servizo da Administración de xustiza.</p>	<p>Nº total de persoas contratadas Un total de 477, das cales 83 son homes e 394 mulleres. 17,4%/82,6% Nº total de persoas con discapacidade contratadas. 24 persoas con discapacidade; 8 homes e 16 mulleres. 33,3%/66,7%</p>
<p>6.3.5. Incluir información específica dirixida ás persoas con discapacidade (en relación coa súa saúde laboral, accesibilidade...) no Plan de acollida de persoal de nova incorporación do Servizo Galego de Saúde.</p>	<p>Inclusión dun espazo específico sobre discapacidade no Plan de acollida. Si Atópase no punto 4.3. do procedemento de acollida (Incorporación de profesionais con discapacidade recoñecida) e na intranet, na sección correspondente ao Plan de Acollida, dentro do canal de RR.HH. (no apartado relativo á protección dos riscos laborais do persoal especialmente sensible).</p>
<p>6.3.10. Impartir accións formativas para o persoal da administración que, ou ben forma parte da contorna organizativa das persoas con discapacidade, ou ben teña responsabilidade sobre as persoas traballadoras con discapacidade.</p>	<p>EGAP Nº de accións formativas realizadas. 12 Nº de persoas formadas. 215 FEGAS Nº de accións formativas realizadas. 4 Nº total de persoas formadas. 76 participantes nas accións formativas; 9 homes e 67 mulleres. 11,8%/88,2%</p>



Obxectivo específico 4. Promover o acceso e mellorar a empregabilidade e a adaptación do posto de traballo das persoas con discapacidade no sector privado.	
Actuación	Resultados segundo indicadores
6.4.1. Dar continuidade ao programa de fomento da contratación de persoas con discapacidade na empresa ordinaria, mediante o que se incentiva ás empresas pola contratación de traballadores e traballadoras con discapacidade coa finalidade de fomentar e favorecer a súa integración no sistema ordinario de traballo.	Nº de empresas beneficiarias. 263 Nº de persoas con discapacidade beneficiarias. 298; 180 homes e 118 mulleres. 60,4%/39,6%
6.4.2. Dar continuidade ao programa de emprego con apoio como medida de fomento do emprego de persoas con discapacidade no mercado ordinario de traballo, a través do que se subvenciona a promotores de proxectos con apoio para financiar os custos laborais e de Seguridade Social das e dos preparadores laborais que se contraten para levar a cabo accións de apoio ás persoas con discapacidade severa con maiores dificultades de inserción laboral en empresas do mercado ordinario de traballo.	Nº de empresas beneficiarias. 24 Nº de persoas con discapacidade beneficiarias. 25; 11 homes e 14 mulleres 44%/66% As entidades beneficiarias do programa de emprego con apoio foron 9, ás que se subvencionou a contratación de preparadores/as laborais que prestaron apoio a persoas con discapacidade en 24 empresas. Ademais subvencionouse a realización de plans de prospección laboral de emprego con apoio de dúas entidades.
6.4.3. Contemplar de maneira explícita as persoas con discapacidade como colectivo beneficiario en todas as accións informativas relativas a cooperativas, incidindo nas vantaxes das cooperativas de integración social.	Nº de accións informativas que consideren explicitamente as persoas con discapacidade. 1 Realizouse unha xornada explicativa das ordes de axudas da Subdirección Xeral de Cooperativas e Economía Social, na que se explicaron, entre outros aspectos, as axudas de apoio ás cooperativas que presten servizos de natureza social e á comunidade.
6.4.4. Potenciar os contratos para a formación como vía de incorporación ao mercado de traballo das persoas con discapacidade sen experiencia laboral previa.	Nº total de contratos para a formación realizados. 6.038 contratos; 3.259 de homes e 2.766 de mulleres. 54%/46% Nº total de persoas con discapacidade que se acollen a dita modalidade. 13; 9 homes e 4 mulleres. 69,2%/30,8% <i>Nota:</i> a actuación 6.4.4 é competencia da Dirección Xeral de Promoción do Emprego, tal e como figura no Plan de discapacidade. Porén, un dos indicadores de medicións é o “número total de contratos para a formación realizados”. A información sobre os contratos de formación realizados foi facilitada polo Servizo Público de Emprego de Galicia (a través da Dirección Xeral de Formación e Colocación), dado que lle corresponde o rexistro de contratos na Comunidade Autónoma.
6.4.5. Levar a cabo o mantemento evolutivo do Portal Virtual de Emprego do Servizo Público de Emprego de Galicia –SPEG.	Posta en marcha do portal virtual de emprego. Si Novos servizos implementados. <ol style="list-style-type: none"> 1. Accesibilidade AAA certificada 2. Consulta de ofertas 3. Consulta de cursos de formación 4. Renovación da demanda 5. Adscrición a ofertas en difusión 6. Adscrición a cursos de formación 7. Solicitud de orientación

<p>6.4.6. Incluir medidas de fomento de inserción laboral de persoas con discapacidade nos pregos de cláusulas administrativas particulares dos expedientes de contratación da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.</p> <p><i>Nota. A esta actuación responde o Acordo do Consello do Goberno da Xunta de Galicia, do 8 de abril de 2010, polo que se determina a inclusión de medidas de fomento de inserción laboral de discapacitados e outros colectivos nos pregos de cláusulas administrativas particulares dos expedientes de contratación da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia. *</i></p>	<p>D.X. de Dependencia e Autonomía Persoal: 19 AXEGA: 3 Compañía de Radio Televisión de Galicia-CRTVG: sen dato Consellería de Economía e Industria. Os pregos axústanse ao establecido no acordo do Consello da Xunta do 8 de abril de 2010, isto é, recoñecerlle a preferencia na adxudicación no caso de empate na puntuación da oferta á empresa que conte no seu cadro de persoal cun número de traballadores/as fixos/as con discapacidade superior ao 2%. Indícase en todos os pregos e só no caso de empate, se algunha empresa acreditou ter ese número de persoas con discapacidade, dáselle preferencia na adxudicación (na práctica nunca tivo lugar un empate). Consellería de Educación e Ordenación Universitaria: 21 Consellería de Facenda: 3 Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas: 294 Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Sen dato Consellería de Sanidade: 438 expedientes de contratación realizados polos órganos de contratación da Consellería (propios ou adscritos). Todos incluíron a seguinte cláusula nos seus pregos de cláusulas administrativas particulares: <i>“Os eventuais empates resolveranse en primeiro lugar a favor daquelas empresas que, no momento de acreditar a súa solvencia técnica, teñan no seu cadro de persoal un número de traballadores con discapacidade superior ao 2 %, de acordo co o establecido na Disposición adicional sexta da LCSP e en segundo lugar as empresas que implantaran un plan de igualdade, segundo o disposto no artigo 11.4 da Lei 2/2007, de 28 de marzo, de traballo en igualdade das mulleres de Galicia.”</i> Consellería de Traballo e Benestar - Secretaría Xeral: 24 Consellería do Mar: 27 Consellería do Medio Rural: 12 Dirección Xeral de Administración Local: 61 Dirección de Asistencia Sanitaria: 0 Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos: 9 Dirección Xeral de Comercio: 0 Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa: sen dato Dirección Xeral de Formación e Colocación: 1 Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación: 0 Dirección Xeral de Mobilidade: 30 Dirección Xeral de Promoción do Emprego: sen dato (remiten á SXT)</p>
---	--



<p>6.4.6. Incluir medidas de fomento de inserción laboral de persoas con discapacidade nos pregos de cláusulas administrativas particulares dos expedientes de contratación da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.</p> <p><i>Nota.</i> A esta actuación responde o Acordo do Consello do Goberno da Xunta de Galicia, do 8 de abril de 2010, polo que se determina a inclusión de medidas de fomento de inserción laboral de discapacitados e outros colectivos nos pregos de cláusulas administrativas particulares dos expedientes de contratación da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia. * (contin.)</p>	<p>Dirección Xeral de Relacións Laborais: sen dato Dirección Xeral de Xustiza: 9 Dirección Xeral do Libro, Bibliotecas E Arquivos: 32 Escola Galega de Administración Pública – EGAP: 3 Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria FEGAS: sen datos Instituto Galego de Vivenda e Solo: 24 Secretaría Xeral da Emigración: 6 Secretaría Xeral de Familia e Benestar: sen dato Secretaría Xeral de Medios: 0 Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica: 0 Secretaría Xeral para o Deporte: 0 Secretaría Xeral para o Turismo: 2 S. X. de Ordenación do Territorio e Urbanismo: 11 Turgalicia: 74 Universidades (UDC): sen dato Universidades (USC): sen dato Universidades (UVigo): 1 Consellería de Cultura e Turismo: 32 Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado: 1 Secretaría Xeral da Igualdade: 2</p>
<p>6.4.7. Promover que nas entidades beneficiarias de axudas para a contratación de 50 ou máis traballadores e traballadoras desempregadas para a realización de obras ou servizos de interese xeral e social, ao abeiro das diferentes ordes de convocatoria dos programas de cooperación da Consellería de Traballo e Benestar, cando menos, o 5% das persoas seleccionadas sexan persoas con discapacidade.</p>	<p>Non estaba previsto na orde do ano 2010 polo que non hai resultados.</p>
<p>6.4.9. Visibilizar a través das accións de fomento da responsabilidade social empresarial – RSE da Xunta de Galicia (xornadas, encontros, informacións dixitais...) a capacidade das persoas con discapacidade, concienciando sobre a súa contratación, ao tempo que se facilita información sobre as axudas técnicas e persoais, sobre o cumprimento voluntario da cota do 2% no cadro de persoal de traballadores ou traballadoras que teñen algunha discapacidade.</p>	<p>Acción non executada en 2010</p>
<p>Obxectivo específico 5. Apoiar o emprego protexido, especialmente desde a Administración Pública.</p>	
<p>Actuación</p>	<p>Resultados segundo indicadores</p>
<p>6.5.1. Dar continuidade ao programa de apoio á creación, ampliación e mantemento de centros especiais de emprego.</p>	<p>Nº de centros especiais de emprego beneficiarios. 111 Nº de persoas con discapacidade beneficiarias. 1.784; 1.093 homes e 691 mulleres. 61,3%/38,7%</p>
<p>6.5.2. Dar continuidade ao programa de subvencións ás unidades de apoio á actividade profesional dos centros especiais de emprego.</p>	<p>Nº centros especiais de emprego beneficiarios. 15 Nº de persoas con discapacidade beneficiarias. 345; 231homes e 114 mulleres 70%/30%</p>

6.5.5. Reservar entre o 3% e o 5% dos contratos da Administración da Xunta de Galicia aos centros especiais de emprego sen ánimo de lucro.

Normativa reguladora publicada Si

Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, publicada no DOG nº 250, do 30 de decembro de 2010**.

Nº de contratos con centros especiais de emprego, por ano. Datos a partir de 2011


Importe contratado con centros especiais de emprego, por ano. Datos a partir de 2011

En resumo:

Do cadro anterior extráese que das 32 actuacións programadas para 2010 quedaron sen executar 5 (parte delas debido á demora na aprobación do Plan), o que implica un nivel de execución para esta área dun 84,4%.

As actuacións consideradas como “non executadas” son as seguintes: a 6.1.10, a 6.1.13, a 6.1.15., a 6.4.7. e a 6.4.9.


Gráfico 11. DISTRIBUCIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE PARTICIPANTES POR SEXO. ACTUACIÓNS 6.1.6, 6.1.11, 6.1.12 e 6.2.1



■ Mulleres ■ Homes

Fonte: elaboración propia a partir dos datos facilitados nas actuacións 6.1.6, 6.1.11, 6.1.12 e 6.2.1 pola D.X. de Formación e Colocación.


Gráfico 12. DISTRIBUCIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE PARTICIPANTES POR SEXO. ACTUACIÓNS 6.3.4 e 6.3.10



■ Mulleres ■ Homes


Fonte: elaboración propia a partir dos datos facilitados nas actuacións 6.3.4 e 6.3.10 pola D.X. de Xustiza, FEGAS e EGAP.

Gráfico 13. DISTRIBUCIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE PARTICIPANTES POR SEXO. ACTUACIÓNS 6.4.1, 6.4.2. e 6.4.4



Fonte: elaboración propia a partir dos datos facilitados nas actuacións 6.4.1, 6.4.2. e 6.4.4 pola D.X. de Promoción do Emprego.

Gráfico 14. DISTRIBUCIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE PARTICIPANTES POR SEXO. ACTUACIÓNS 6.5.1 e 6.5.2



Fonte: elaboración propia a partir dos datos facilitados nas actuacións 6.5.1 e 6.5.2 pola D.X. de Promoción do Emprego.

***Acordo do Consello do Goberno da Xunta de Galicia, do 8 de abril de 2010, polo que se determina a inclusión de medidas de fomento de inserción laboral de discapacitados e outros colectivos nos pregos de cláusulas administrativas particulares dos expedientes de contratación da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.**

A Xunta de Galicia fomentará a contratación de persoas con discapacidade a través dun acordo aprobado no Consello de hoxe que determina a inclusión de medidas de inserción laboral de discapacitados nos pregos de cláusulas administrativas particulares dos expedientes de contratación e nas bases reguladoras de convocatorias de subvencións efectuadas pola Comunidade Autónoma galega.

Este acordo dispón que **os órganos de contratación da Administración pública de Galicia e os organismos dependentes dela dará preferencia na adxudicación dos seus contratos ás empresas que conten no seu cadro de persoal cun número de traballadores fixos discapacitados superior ao 2%**. Este trato favorable darase no caso de igualdade entre dúas ou máis proposicións desde o punto de vista dos criterios obxectivos e aparecerá recollido nos pregos de contratación. No caso de que varias empresas se encontren nesta circunstancia terá preferencia o licitador que dispoña de maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no seu cadro de persoal.

A relación laboral con persoas con discapacidade acreditarase no momento da licitación mediante a achega, por parte das empresas, dunha declaración responsable do número de traballadores fixos con discapacidade e a porcentaxe que estes representan sobre o total do seu persoal; unha relación nominal de todos os seus traballadores e daqueles fixos con discapacidade; así como a resolución ou certificación acreditativa do grao de vixencia da discapacidade e os contratos de traballo destas persoas.

Ademais, os pregos de cláusulas administrativas particulares e os contratos que se formalicen coas empresas adxudicatarias farán constar a condición de manter a vixencia da porcentaxe de traballadores fixos discapacitados durante o tempo que dure a execución da prestación obxecto do contrato adxudicado. O incumprimento desta condición será causa de resolución da adxudicación.

O acordo tamén dispón que as entidades beneficiarias de subvencións poderán subcontratar ata o 70% da actividade subvencionada con empresas dedicadas á promoción e inserción laboral de discapacitados ou persoas en situación de exclusión social. As subcontratacións faranse coas condicións normais de mercado e

logo da autorización da persoa titular do órgano que concede a subvención. No escrito de solicitude a entidade beneficiaria deberá facer constar os beneficios sociais e as vantaxes que a subcontratación achega á mellora da eficiencia na utilización dos recursos públicos.

**** Capítulo IV (da Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas)**

Medidas en materia de contratación

Artigo 35º.-Reserva de contratos a centros especiais de emprego e empresas de inserción sociolaboral.

Un.-Conforme o que se dispón neste artigo, os órganos de contratación da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e os demais entes do sector público dela dependentes poderanlles **reservar a participación en determinados procedementos de adxudicación de contratos a centros especiais de emprego e empresas de inserción laboral**, sempre que a súa finalidade ou a súa actividade, de acordo coas súas normas reguladoras, estatutos ou regras fundacionais, teña relación directa co obxecto do contrato.

Dous.-Os obxectos contractuais susceptibles de reserva serán as obras e os servizos de conservación e mantemento de bens inmoables, os servizos de conserxaría, mensaxaría e correspondencia, os servizos de xardinaría e forestal, de artes gráficas, de limpeza e lavandaría, de restauración, de recollida e transporte de residuos, de fabricación de roupa de traballo e servizos e de subministracións auxiliares para o funcionamento do sector público. Os órganos de contratación poderán ampliar a reserva a outros obxectos contractuais atendendo á súa adecuación ás prestacións dos centros e das empresas aos que se refire este artigo.

A reserva deberá mencionarse no título do contrato e no anuncio de licitación ou invitación.

Tres.-O importe global dos contratos reservados será determinado por cada entidade cun límite mínimo do 3% e máximo do 5% do importe dos contratos adxudicados no exercicio orzamentario inmediatamente anterior mediante contratos menores ou procedementos negociados por razón da contía.

Catro.-As empresas e entidades beneficiarias da reserva deberán estar legalmente constituídas e inscritas nos respectivos rexistros oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia:

- As empresas de inserción deberán estar rexistradas conforme o Decreto 156/2007, do 19 de xullo, que regula o procedemento de cualificación das empresas de inserción laboral, crea o seu rexistro e establece as medidas para o fomento da inserción sociolaboral.
- Os centros especiais de emprego deberán estar legalmente constituídos e rexistrados conforme o Decreto 200/2005, do 7 de xullo, polo que se regula a autorización administrativa e a inscrición no Rexistro Administrativo de Centros Especiais de Emprego de Galicia, así como a súa organización e o seu funcionamento.

Así mesmo, deberán atoparse inscritas no Rexistro de Contratistas regulado polo Decreto 262/2001, do 20 de setembro, polo que se refunde a normativa reguladora do Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Cinco.-Os contratos reservados deben someterse ao réxime xurídico establecido pola normativa vixente reguladora da contratación pública.

A reserva a centros especiais de emprego, cando polo menos o 70% das persoas traballadoras sexan persoas con discapacidade, poderá aplicarse a procedementos sen límite de contía.

No caso de empresas de inserción laboral, a reserva aplicarase exclusivamente a través de contratos menores ou procedementos negociados por razón da contía, consonte o que se establece nos artigos 122º.3 e 161º.2 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.

Prohíbese expresamente o fraccionamento do obxecto do contrato.

Seis.-As empresas e entidades beneficiarias da reserva están exentas da presentación de garantías provisionais ou definitivas nos procedementos convocados ao abeiro desta disposición.



Sete.-Constituirase unha comisión de seguimento, formada por un representante da Xunta de Galicia, un representante da patronal maioritaria dos centros especiais de emprego de Galicia e outra das empresas de inserción social, para que, con carácter trimestral, poida valorar a aplicación da reserva de contratos.



4.7 ÁREA 7 RECURSOS NO ÁMBITO DOS SERVIZOS SOCIAIS.

A área de recursos no ámbito dos servizos sociais busca mellorar o conxunto de intervencións, programas, servizos e prestacións para as persoas con discapacidade e as súas familias.

Para iso deseñáronse neste apartado un total de 30 medidas, que constitúen o 10,0% do conxunto de actuacións do Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia 2010-2013.

As actuacións ideáronse sobre a necesidade de consecución de tres obxectivos específicos:

1. Desenvolver a normativa relativa a intervencións., programas, servizos e prestacións no ámbito da discapacidade.
2. Deseñar procesos que garanten unha intervención efectiva centrada na persoa e na atención á diversidade.
3. Ampliar e consolidar a rede de recursos sociais para as persoas con discapacidade.

A continuación descríbese a información relativa a esta área durante o exercicio 2010, anualidade na que se prevía actividade en **15 das actuacións** de área, todas a cargo da Dirección Xeral de Dependencia e Autonomía Persoal e da Secretaría Xeral de Familia e Benestar.

Area 7 RECURSOS NO ÁMBITO DOS SERVIZOS SOCIAIS	
Obxectivo específico 1. Desenvolver a normativa relativa a intervencións., programas, servizos e prestacións no ámbito da discapacidade.	
Actuación	Resultados segundo indicadores
7.1.2. Proceder ao desenvolvemento normativo do Decreto de dependencia, 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.	<p>Normativa publicada.</p> <p>En 2010 iniciouse a redacción do borrador da <i>Orde de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e a atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.</i></p> <p>Queda pendente de publicación en 2011. No momento en que se redacta este informe está rematado o prazo de alegacións e pendente de informe da Asesoría Xurídica e de Orzamentos</p>

Obxectivo específico 2. Diseñar procesos que garanten unha intervención efectiva centrada na persoa e na atención á diversidade.	
Actuación	Resultados segundo indicadores
7.2.1. Definir carteiras de servizos de atención en función das necesidades obxectivas das persoas con discapacidade.	<p>Elaboración do estudo para a definición da nova carteira de servizos sociais de atención ás persoas con dependencia en Galicia, as esixencias para a súa prestación e a planificación da súa implantación.</p> <p>En 2010 finalizouse o estudo sinalado, quedando pendente de presentación pública para 2011.</p> <p>Nº de novas modalidades de servizos postos en funcionamento.</p> <p>Poranse en marcha a partir de 2011.</p>
7.2.7. Potenciar a través das ordes de subvencións o desenvolvemento de programas que favorezan a intervención coa persoa con discapacidade no seu contorno habitual persoal (programas de atención ambulatoria, titorías, escolas de pais etc.), cara a mellorar a súa autonomía.	<p>D. X. de Dependencia e Autonomía Persoal:</p> <p>Nº de programas subvencionados para a mellora da autonomía persoal das persoas con discapacidade.</p> <p>41</p> <p>Orzamento destinado. 251.693 euros.</p> <p>S. X. de Familia e Benestar:</p> <p>Nº de programas subvencionados para a mellora da autonomía persoal das persoas con discapacidade.</p> <p>31</p> <p>Orzamento destinado. 418.528,82 euros</p> <p>Total: 72 programas cun orzamento de 670.221,82 euros.</p>
7.2.11. Proceder á reorganización e especialización da atención socioeducativa nos centros Santiago Apóstolo e Terra de Ferrol	<p>Xestións efectuadas entre os dous departamentos administrativos competentes</p> <p>Durante 2010, a Consellería de Traballo e Benestar deseñou un plan de actuación en materia de discapacidade intelectual na provincia da Coruña, que incluía actuacións no Centro de Atención e Educación Especial "Santiago Apóstolo", no Centro de Atención á Discapacidade "Souto de Leixa" (ambos pertencentes á Consellería de Traballo e Benestar) e no Colexio de Educación Especial "Terra de Ferrol" (pertencente á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria).</p> <p>Neste plan deseñouse a ruta a seguir conxuntamente por ambas Consellerías para corrixir as disfuncións competenciais que se estaban a producir nos centros "Santiago Apóstolo" e "Terra de Ferrol".</p> <p>Reorganización e especialización realizada.</p> <p>A execución deste plan tivo como punto de inicio a reorganización de servizos nos centros de Ferrol (Terra de Ferrol e Souto de Leixa), cuxo obxectivo era que o centro de educación especial atendese as necesidades educativas especiais de persoas con discapacidade ata os 21 anos, mentres que o centro Souto de Leixa dispensaría servizos asistenciais a persoas con discapacidade intelectual a partir dos 16 anos.</p>

<p>7.2.11. Proceder á reorganización e especialización da atención socioeducativa nos centros Santiago Apóstolo e Terra de Ferrol (<i>contin.</i>)</p>	<p>Para tal fin, licítouse a contratación, en réxime de concesión da xestión de servizos, de 172 prazas de tipo residencial e de atención diúrna para persoas gravemente afectadas e para persoas con certa autonomía. O contrato de xestión asinouuse en decembro de 2010 e o ingreso das primeiras persoas usuarias terían lugar en xaneiro de 2011 (informarase no informe de seguimento 2011 do Plan de acción).</p>
<p>7.2.12. Revisar os procesos de traballo e ferramentas tecnolóxicas de apoio no proceso de tramitación dos Equipos de valoración.</p>	<p>Variación no tempo medio de tramitación anual dos expedientes de valoración da situación de dependencia. O tempo medio de tramitación rexistrado en 2010, dende a solicitude ata a proposta do PIA, foi de 212,87 días, o que implica unha redución de 152 días respecto da anualidade anterior (que era de 365,43 días). Estase a falar dunha redución do 71,6% no tempo de tramitación.</p> <p>Variación no tempo medio de tramitación anual dos expedientes de valoración de discapacidades. O tempo medio de tramitación rexistrado en 2010, foi de 189 días; 20 días máis con respecto a 2009; é dicir, un incremento do 10,6%.</p> <p>Para a mellora dos tempos de tramitación, en 2010 iniciáronse traballos en ambos procedementos sobre estudo e racionalización dos procesos de traballo e unificación destes nas distintas unidades valoradoras.</p>

Obxectivo específico 3. Ampliar e consolidar a rede de recursos sociais para as persoas con discapacidade.

Actuación	Resultados segundo indicadores
<p>7.3.1. Poñer en marcha novos centros de atención e unidades especializadas en centros de servizos sociais autorizados preexistentes.</p>	<p>Centros postos en marcha. Un total de 12:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Denominación: Centro de Día Souto de Leixa. Tipoloxía: centro de día. Persoas destinatarias: persoas con discapacidade gravemente afectadas 2. Denominación: Centro Ocupacional Souto de Leixa. Tipoloxía: centro ocupacional. Persoas destinatarias: persoas con discapacidade con certa autonomía. 3. Denominación: Residencia Asistencial Souto de Leixa. Tipoloxía: residencia de persoas gravemente afectadas. Persoas destinatarias: Persoas con discapacidade gravemente afectadas. 4. Denominación: Residencia de Persoas Discapacitadas Adultas Souto de Leixa. Tipoloxía: residencia de persoas adultas con discapacidade. Persoas destinatarias: persoas con discapacidade con certa autonomía.

<p>7.3.1. Poñer en marcha novos centros de atención e unidades especializadas en centros de servizos sociais autorizados preexistentes. (<i>contin.</i>)</p>	<ol style="list-style-type: none"> 5. Denominación: Vivenda Tutelada Avante. Tipoloxía: vivenda tutelada. Persoas destinatarias: persoas con discapacidade con certa autonomía (Asociación de Persoas con Discapacidade Avante). 6. Denominación: Centro Ocupacional Negreira II. Tipoloxía: centro ocupacional. Persoas destinatarias: persoas con discapacidade con certa autonomía (Concello de Negreira). 7. Denominación: Centro de día Monteporreiro. Tipoloxía: centro de día. Persoas destinatarias: persoas con discapacidade física gravemente afectadas (de COGAMI). 8. Denominación: Centro de día ADACECO. Tipoloxía: centro de día. Persoas destinatarias: persoas con discapacidade gravemente afectadas (dano cerebral). De ADACECO. 9. Denominación: Vivenda Tutelada Camelias. Tipoloxía: vivenda Tutelada. Persoas destinatarias: persoas con discapacidade gravemente afectadas (parálise cerebral). APAM. 10. Denominación: Centro Ocupacional Lenda. Tipoloxía: centro Ocupacional. Persoas destinatarias: Enfermidade Mental (da Asociación Lenda). 11. Centro de Día de Lamastelle (ampliación prazas). Tipoloxía: centro de día. Persoas destinatarias: persoas con discapacidade gravemente afectadas. ASPRONAGA. 12. Denominación: Centro de día ASPANAEX (ampliación prazas). Tipoloxía: centro de día. Persoas destinatarias: persoas con discapacidade gravemente afectadas. ASPANAEX. <p>Nº de unidades creadas. En canto á creación de unidades especializadas, hai que informar que está pendente a súa regulación. A idea é poder crealas en centros de servizos sociais autorizados, tanto si son para persoas con discapacidade como persoas sen discapacidade.</p> <p>Nº de prazas creadas. 436 Creáranse un total de 436 prazas entre as xestionadas directamente pola Xunta de Galicia e as que pertencen a entidades. Á Dirección Xeral de Dependencia e Autonomía Persoal pertencen os catro primeiros centros sinalados: a residencia para gravemente afectados, a residencia de persoas adultas, o centro de día e o centro ocupacional de "Souto de Leixa", cuxas prazas se ocuparían a partir de xaneiro de 2011. Os datos correspondentes incluíranse no informe de seguimento 2011.</p> <p>Nº novas prazas ocupadas por sexo. Sen datos</p>
--	---

<p>7.3.2. Dar continuidade ás axudas dirixidas ás persoas con discapacidade no marco das subvencións para cofinanciamento das prestacións básicas de servizos sociais ás corporacións locais.</p>	<p>Nº de axudas concedidas O nº de axudas concedidas correspóndense co nº de programas subvencionados que figura na actuación 7.2.7.(31), pois a orde de convocatoria subvenciona, entre outros, os programas de discapacidade que os concellos solicitan (non concede axudas ás persoas) Orzamento destinado. 418.528,82 euros (correspóndese co orzamento da actuación 7.2.7.) % destinado no ámbito da discapacidade. Sen dato</p>
<p>7.3.3. Procurar unha maior cobertura do programa de axuda no fogar para as persoas con discapacidade e complementalo con outros servizos de proximidade.</p>	<p>Nº de persoas con discapacidade e persoas dependentes usuarias. Nº total: 7.452; 2.475 homes e 4.977 mulleres (33,2%/66,8%) Nº persoas dependentes: 6.725; 2.101 homes e 4.624 mulleres (31,2%/68,8%) Nº de persoas con discapacidade: 727; 374 homes e 353 mulleres e (51,4%/48,6%) Orzamento destinado 2010. 34.425.585 euros % incremento respecto do exercicio anterior 15,4% O orzamento sinalado é global, xa que se dirixe, ademais de a persoas con discapacidade, a persoas maiores, familias, infancia etc.</p>
<p>7.3.4. Mellorar a libranza vinculada á adquisición do Servizo de axuda no fogar –SAF.</p>	<p>Mellora aplicada. O Decreto 15/2010, do 4 de febreiro na súa Disposición transitoria novena, punto 2 sinala: "<i>Non obstante, modifícase o artigo 24.5 da citada orde en canto á determinación da contía das prestacións económicas para adquisición do servizo de axuda no fogar e centro de día nos seguintes extremos mentres non sexa regulado pola orde de desenvolvemento ao presente decreto:</i></p> <ol style="list-style-type: none"> <i>Considérase dedicación completa no servizo de axuda no fogar 90 horas/mes.</i> <i>Considérase dedicación completa no servizo de centro de día 190 horas/mes.</i> <p>Para percibir a contía máxima da libranza fixada para cada grao e nivel, segundo a normativa anterior, tíñase que xustificar unha intensidade de 160h/mes, polo que practicamente era imposible contratar este nº de horas coa contía da libranza. A partir da entrada en vigor do mencionado Decreto, a contía máxima segundo o grao e nivel percíbese ao xustificarse unha intensidade de 90h/mes, polo que facilita a adquisición deste servizo. A través da orde que desenvolverá este decreto vaise a seguir na liña de mellorar esta libranza, no sentido de vincular a contía máxima segundo o grao e nivel á intensidade máxima fixada para cada grao e nivel.</p>
<p>7.3.5. Manter e, no seu caso, ampliar o volume de prazas residenciais de carácter público para persoas con discapacidade.</p>	<p>Nº de prazas. 2.642 Nº total de persoas con discapacidade beneficiarias. 2.642 Os datos por sexo facilitaranse a partir de 2011</p>


<p>7.3.7. Aumentar o número de prazas de estancias temporais en centros que dan cobertura a certas situacións de emerxencia social ou descanso familiar, que poden ser paliadas cun ingreso temporal.</p>	<p>Nº de prazas. 68 Incremento anual de prazas. 13 prazas máis, o que supón un incremento do 19,1%. Nº de persoas con discapacidade usuarias. 1.569; 915 homes e 654 mulleres 58,3%/41,7%</p>
